



XIV **Asemblea Nacional de Esquerda Unida**

ESTATUTOS APROBADOS

Compostela, 12 de abril de 2025

PREÁMBULO.....4

- I. PRINCIPIO DE DEMOCRACIA PARTICIPATIVA
- II. PRINCIPIO DE COHESIÓN, UNIDADE DE ACCIÓN E PROGRAMÁTICA
- III. PRINCIPIO DE PLURALISMO
- IV. PRINCIPIO DE ELABORACIÓN COLECTIVA
- V. PRINCIPIO DE EDUCACIÓN POLÍTICA PARA A RECONSTRUCCIÓN DA ESQUERDA
- VI. PRINCIPIO DE EQUILIBRIO DE SEXOS
- VII. PRINCIPIO DE PARTICIPACIÓN DA MOCIDADE
- VIII. PRINCIPIO DE LIMITACIÓN DE PERMANENCIA NOS CARGOS PÚBLICOS E ORGÁNICOS DE EU
- IX. PRINCIPIO DE ACTUACIÓN TRANSPARENTE E HONESTA DOS CARGOS ORGÁNICOS E PÚBLICOS DE EU
- X. PRINCIPIO DE RENDICIÓN DE CONTAS DE CARGOS PÚBLICOS DE ESQUERDA UNIDA
- XI. PRINCIPIO DE DIVERSIDADE SOCIAL
- XII. PRINCIPIO DE RESPONSABILIDADE SOCIAL E AMBIENTAL
- XIII. PRINCIPIO DA DEFENSA DA LINGUA
- XIV. PRINCIPIO DE FEDERALIDADE

TÍTULO I.DEFINICIÓN.....12

SECCIÓN I. DENOMINACIÓN

SECCIÓN II. FEDERALISMO E SOBERANÍA XURÍDICA E POLÍTICA

TÍTULO II. DA PARTICIPACIÓN EN ESQUERDA UNIDA.....14

CAPÍTULO I. DA AFILIACIÓN A ESQUERDA UNIDA

CAPÍTULO II. DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS AFILIADAS

SECCIÓN I. DEREITOS DAS PERSOAS AFILIADAS

SECCIÓN II. DEBERES DAS PERSOAS AFILIADAS

CAPÍTULO III. DA PERDA DA CONDICIÓN DE AFILIADA/O

CAPÍTULO IV. VULNERACIÓN DE DEREITOS OU INCUMPRIMENTOS DE DEBERES.

SECCIÓN I. DOS EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS

SECCIÓN II DAS INFRACCIÓN E SANCIÓN.

TÍTULO III. OUTRAS FORMAS DE PARTICIPACIÓN EN EU.....26

CAPÍTULO I. DAS E DOS SIMPATIZANTES

CAPÍTULO II. DAS ORGANIZACIÓNS E PARTIDOS POLÍTICOS

CAPÍTULO III. DAS CORRENTES DE OPINIÓN

CAPÍTULO IV. DAS REDES DE ACTIVISTAS, PARTICIPACIÓN E TOMA DE DECISIONS COLECTIVAS

TÍTULO IV. DAS ASEMBLEAS E ÓRGANOS DE EU E A SÚA ESTRUTURA.....34

CAPÍTULO I. NORMAS E FUNCIONAMENTO DEMOCRÁTICO DAS ASEMBLEAS E ÓRGANOS DE EU

CAPÍTULO II. ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN. ESTRUTURA

CAPÍTULO III. DAS ASEMBLEAS DE BASE DE EU

SECCIÓN I. DAS ASEMBLEAS LOCAIS

SECCIÓN II. ESTRUTURA COMARCAL

CAPÍTULO IV. DOS ÓRGANOS NACIONAIS DE ESQUERDA UNIDA

SECCIÓN I. DA ASEMBLEA NACIONAL DE EU

SECCIÓN II. DO CONSELLO POLÍTICO NACIONAL DE EU

SECCIÓN III. A COMISIÓN COLEXIADA NACIONAL DE EU

SECCIÓN IV. A COORDINACIÓN NACIONAL

CAPÍTULO V. DOS ÓRGANOS DE CONTROL DEMOCRÁTICO.

SECCIÓN I. DA COMISIÓN DE ARBITRAXE E GARANTÍAS DEMOCRÁTICAS

SECCIÓN II. DA COMISIÓN NACIONAL DE CONTROL FINANCEIRO.

CAPÍTULO VI. OUTROS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN

SECCIÓN I AS CONVENCIONS ELECTORAIS

SECCIÓN II AS CONFERENCIAS NACIONAIS

TÍTULO V. REPRESENTACIÓN POLÍTICA INSTITUCIONAL.....51

CAPÍTULO I. PROCESOS DE ELECCIÓN, FORMALIZACIÓN DE CANDIDATURAS E REFERENDOS REVOGATORIOS

CAPÍTULO II. O ESTATUTO DE CARGO PÚBLICO

TÍTULO VI. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS.....58

TÍTULO VII. A COMUNICACIÓN.....	61
CAPÍTULO I. A PROXECCIÓN PÚBLICA DE ESQUERDA UNIDA	
CAPÍTULO II. A COMUNICACIÓN INTERNA EN ESQUERDA UNIDA	
TÍTULO VIII. DA REFORMA DOS ESTATUTOS.....	61
DISPOSICIÓN FINAL.....	62

PREÁMBULO

Esquerda Unida queda definida no artigo primeiro destes Estatutos como un movemento político e social de carácter anticapitalista organizado da esquerda transformadora galega que ten como obxectivo, superar o patriarcado e transformar o sistema capitalista económico, social e político, nun sistema socialista, fundamentado nos principios democráticos de xustiza, igualdade, liberdade, solidariedade, internacionalismo, democracia participativa, respecto á natureza e ós animais, a ecoloxía e abolición das clases sociais mediante a prohibición da propiedade privada sobre os medios de produción.

Esquerda Unida aspira a conseguir unha nación galega solidaria, soberana e vertebrada que, no exercicio do dereito de autodeterminación dos pobos, opta por integrarse nun estado social e democrático de dereito republicano, laico, federal e plurinacional.

Esquerda Unida quere organizarse como un dos instrumentos dos que se dota a sociedade para avanzar nese proceso de transformación política económica e social.

Así mesmo, en atención á finalidade coa que está constituída Esquerda Unida, aplica ao seu funcionamento interno unha serie de principios e valores que pretenden ser coherentes con esa nova forma social que defendemos para o conxunto da cidadanía.

Estes principios, que se van concretando ao longo do articulado dos Estatutos, serven de base para a interpretación dos mesmos e, máis alá, de pauta para a actuación dos órganos e da afiliación a Esquerda Unida.

Cos presentes Estatutos queremos acadar os seguintes obxectivos:

Facilitar a participación do maior número de persoas, sectores e colectivos da esquerda alternativa e transformadora comprometidos coa superación do sistema capitalista. Esta participación non se realizará só desde a afiliación a Esquerda Unida, aínda que sexa un obxectivo claro, senón tamén dende a contribución por outras persoas, colectivos ou organizacións sociais, aínda que partan dunha perspectiva crítica cara a Esquerda Unida ou non se afiliaran a EU, polo que se establecerán mecanismos que permitan o enriquecemento mutuo.

Facilitar a convivencia das persoas que se implican, en maior ou menor medida, nesta organización.

Ser coherente entre o que se defende e o que se practica.

Potenciar a iniciativa dende o local, chegando a unha actuación coherente no xeral. Practicar a democracia participativa.

Para iso, na súa actuación política e nas relacións internas de Esquerda Unida, deben respectarse os principios reitores que a continuación se describen:

I. PRINCIPIO DE DEMOCRACIA PARTICIPATIVA

Se entendemos a democracia participativa como un elemento superador da democracia representativa, debemos, coherentemente co modelo de participación que defendemos na sociedade, aplicala na nosa organización para garantir a máxima participación na toma de decisións, dende o ámbito local ao nacional.

É por elo que dende o convencemento de que a aplicación da democracia integral é a única forma de organización social que posibilitará a consecución da xustiza social, de respecto polo equilibrio medioambiental e polas diferenzas persoais, non pode ser outro o modelo de funcionamento para o interno da organización.

A aplicación de criterios de funcionamento democrático esixe elaborar procesos democráticos e respectalos para permitir o máximo de participación das persoas afiliadas a Esquerda Unida.

Partindo de que a soberanía en Esquerda Unida reside na súa afiliación, a aplicación radical dos criterios democráticos debe levarnos a facilitar a participación de colectivos ou persoas que, sen asumir o compromiso da afiliación, si que facilitan, a través do seu voto, ou a través das actividades sociais ou opinións públicas, a presenza de EU nas institucións e na súa actividade cotiá. Dita participación haberá que facilitala dende as Asembleas de Base ata as redes de activistas.

O funcionamento democrático e participativo de EU baséase na primacía do funcionamento da asemblea nos seus diferentes ámbitos. Polo tanto, deben ser as asembleas, en cada ámbito e especialmente nas organizacións de base, as que adopten as decisións en última instancia no ámbito das súas competencias ou en procesos de referendo organizadas polas direccións respectivas no desenvolvemento da política, valores, programa e acordos de EU.

Nas asembleas locais debemos garantir que se dean as condicións adecuadas para conseguir:

- Un ámbito agradable e atractivo para a participación, con respecto escrupuloso ás discrepancias, ás diferentes tendencias ideolóxicas dentro de Esquerda Unida, así como aos símbolos ou referentes históricos que as represente, ás regras que garantan a democracia interna, ás minorías e ás decisións maioritarias.
- Uns métodos de funcionamento e reunións que faciliten a elaboración colectiva e a achega individual de opinións e propostas.
- Unha planificación e duración das reunións que permitan a conciliación da militancia coa vida persoal e a implicación social.
- Facilitar a incorporación de novas persoas a Esquerda Unida, con especial atención ás mulleres e persoas mozas e a quen participe en organizacións sociais.
- O acceso de toda a afiliación á máxima información.
- Unha dirección das asembleas que, ademais de expresar criterios políticos, sexa motor e dinamizadora da actividade e participación da afiliación, das persoas simpatizantes e dos movementos e organizacións sociais que acompañan o proxecto político de Esquerda Unida.
- A elaboración de plans de traballo avaliábeis e actualizados pola propia asemblea.
- Mecanismos de avaliación do cumprimento das metas ou obxectivos acordados para o conxunto da organización e para os órganos e cargos públicos.
- A estreita colaboración entre cargos públicos e a organización, o que entre outras cousas significa que é esta quen decide as liñas do seu traballo e ante quen debe de render contas, polo menos anualmente ou cando sexan requiridos pola súa asemblea correspondente. O incumprimento deste mandato de maneira reiterada pode carrexar a apertura dun expediente disciplinario.
- Nos municipios, tenderase a reunir ás asembleas locais ou á Colexiada local sempre que sexa posible antes de cada pleno municipal para favorecer a colaboración entre cargos públicos e a organización, o bo traslado da información municipal e a difusión da devandita información a toda a cidadanía.

Aínda que para a toma de decisións sexa un punto culminante a votación para decidir a postura maioritaria, hai que considerar EU como un movemento social e político que pretende aglutinar a diferentes sensibilidades sociais e tendencias políticas. Isto esixe que procesos de debate non se promovan con dinámica de confrontación, senón coa da procura da síntese das achegas feitas e do

enriquecemento que as diferentes propostas ou posicionamentos aporten. É por elo que o obxectivo primeiro en todo proceso de debate interno será o da consecución do consenso, no que a gran maioría poida sentirse reflectida e identificada. Con todo, partindo da conciencia de que non en todas as ocasións será posible acadar o consenso, cando tras o proceso participativo de intercambio de opinións non se chegue a posturas de consenso, acudirase á votación que determinará a decisión final. A democracia aplicada ao interno de EU non só esixe a aplicación de mecanismos democráticos para a toma de decisións, senón tamén a asunción individual da idea mesma de democracia, de xeito que se asuman as decisións adoptadas tanto por quen queda en minoría como por quen queda en maioría, amosando todas e cada unha das persoas pleno respecto polas demais, as súas propostas e os seus posicionamentos."

II. PRINCIPIO DE COHESIÓN, UNIDADE DE ACCIÓN E PROGRAMÁTICA

As condicións políticas, económicas, sociais e culturais nas que temos que actuar nos diferentes niveis territoriais esixen a cohesión e a coordinación na elaboración dos contidos xerais dun mesmo proxecto transformador, que se plasmen non só en principios senón tamén, en normas organizativas e de resolución de conflitos.

Esta práctica non está exenta de contradicións, diferenzas e matices, inherentes, como é lóxico, a toda actividade humana ou política, e moito máis no que atinxe a un proxecto político transformador e nun momento de acelerados cambios tecnolóxicos, materiais e sociais. Ante iso no bo sentido indica que non debemos fragmentar o que esixe unidade, senón potenciar e articular, combinando o debate máis amplo e plural coa unidade de acción para o desenvolvemento do proxecto común.

En todo caso, e salvagardando o dereito de libre expresión de calquera membro, está establecido o carácter vinculante dos acordos adoptados para todas e todos, sempre que estes acordos non violen de forma clara e evidente o noso compromiso programático, no marco de competencias determinado para cada estrutura ou parte da organización polos presentes Estatutos.

III. PRINCIPIO DE PLURALISMO

O pluralismo é un valor que EU considera consubstancial á aposta pola renovación cultural, política e organizativa da esquerda transformadora. A afirmación positiva deste principio ten que ver cos distintos planos en que se articula hoxe a diversidade da esquerda transformadora: plano ideolóxico e o ámbito dos territorios.

O pluralismo ideolóxico ten as súas raíces, en primeiro lugar, nas distintas tradicións ideolóxicas e culturais de quen forma parte de Esquerda Unida desde as súas orixes (socialista, comunista, republicana, libertaria, ecoloxista, animalista, feminista, pacifista, antimilitarista, laica, movemento cristiá de base, etc.) e busca a ampliación a quen parte de inqedanzas sociais que van emerxendo cos cambios sociais que se producen de forma constante.

Esta aposta formúlase desde o absoluto respecto á identidade ideolóxica de cada quen, individual ou colectivamente, sen a pretensión de que ninguén renuncie a súa traxectoria nin a súa identidade para contribuír á tarefa de renovación política e cultural da esquerda.

Este principio non pretende, xa que logo, forzar a aparición dunha nova identidade ideolóxica única para toda a afiliación de Esquerda Unida, que elimine ou ocupe o lugar da diversidade, aínda que si se tentará acadar unha identidade organizativa baseada no respecto ás decisións tomadas e a lealdade ao proxecto común expresado nos seus documentos.

Asumido o pluralismo como sinal de identidade básica de Esquerda Unida, e admitida a complexidade da articulación práctica deste pluralismo nunha organización de carácter federal, na que as persoas afiliadas se poden organizar, á súa vez, en partidos e correntes, e na que se pretende un contacto intenso cos movementos sociais, hai que buscar o equilibrio entre esta pluralidade e a efectividade política que evite converter á organización en un mero foro de debates. Do que se trata é de complementar o respecto ao pluralismo e ás diferenzas de opinión coa cohesión necesaria para ir dando máis concreción ao programa e actuar en consecuencia. Por iso, o punto de partida é a aceptación na práctica, entre asemblea e asemblea, das normas e principios de comportamento recollidos nos documentos programáticos e estatutarios de Esquerda Unida, pois foron elaborados para facer a síntese das diferenzas e facilitar a operatividade práctica da organización no seu conxunto.

En aplicación deste principio regúlase a elección dos órganos de Dirección que deben de respectar a pluralidade. Para iso, no relativo ás candidaturas establécese un mecanismo que compatibilice o obxectivo de cohesión na configuración de equipos de traballo nos grupos electos e de favorecer o consenso entre a pluralidade existente. En consecuencia, todos os procesos electivos en Esquerda Unida, tanto internos como externos, deben ter como base a proporcionalidade para así facer efectivo o principio de pluralismo.

Así mesmo, nas candidaturas a calquera proceso electoral en EU haberá de aplicarse o principio de proporcionalidade, integrando obrigatoriamente no conxunto da candidatura a elección da cabeceira da lista, se esta fora elixida a parte.

IV. PRINCIPIO DE ELABORACIÓN COLECTIVA

Esquerda Unida entende a elaboración colectiva como proceso de participación activa e formación permanente que, despois da análise do concreto, propón as alternativas e mobilízase por elas.

As redes de activistas son os instrumentos para facer realidade este principio, entendidas como foros onde a propia Esquerda Unida se funde co tecido social, a través da participación de persoas ou colectivos non organizados no seu seno.

A elaboración colectiva fai suxeitos protagonistas a aqueles que desexan intervir no ámbito social, facilitando un encontro que permita superar as contradicións que introduce o sistema. É imprescindible a presenza de Esquerda Unida no tecido social para achegarse ás demandas das persoas e movementos sociais con propostas alternativas que compartir con eles ao mesmo tempo que contribúe á articulación da sociedade mediante a actuación da súa afiliación. A elaboración colectiva, en definitiva, aporta á organización descentralización política, horizontalidade, capacidade participativa, coherencia, cohesión e posibilidades alternativas e de mobilización propias dun movemento político e social

V. PRINCIPIO DE EDUCACIÓN POLÍTICA PARA A RECONSTRUCCIÓN DA ESQUERDA

Para elaborar colectivamente primeiro hai que coñecer, saber, formarse, só así lograremos cunha colaboración efectiva e unha militancia comprometida. Cómpre que se coñeza o como, porque, o cando da situación que nos está tocando vivir e as alternativas posibles para saír da mesma.

Se a nosa meta como organización política é construír unha sociedade máis xusta e igualitaria, se queremos ter realmente a oportunidade de facelo acadando maiores cotas de poder dentro das institucións de goberno, debemos impulsar a educación da afiliación e de todas aquelas persoas afíns a ideoloxías de esquerdas a través da súa formación política.

VI. PRINCIPIO DE EQUILIBRIO DE XÉNERO

Esquerda Unida, desde a súa aposta inequívoca pola paridade e plena igualdade entre mulleres e homes, tanto na elección de estruturas orgánicas como nas candidaturas para as institucións, conformará listas de tal xeito que a paridade de sexos sexa unha realidade, no ámbito interno e no institucional.

No ámbito interno:

Nos procesos nos que a elección de órgano ou delegación fose única ou por consenso, polo menos o 50% dos seus membros terán que ser mulleres.

Na composición de órganos ou delegacións que se presenten varias candidaturas, non se aceptará ningunha candidatura cuxa composición non sexa paritaria, tendo en conta que ten que estar composta polo menos, por mulleres todos os postos pares ou impares de ditas candidaturas. No órganos electivos de EU en cuxa composición existan natos, unha vez cumpridos os mecanismos estatutarios en todas a súas partes, se a compoñente nata producira como resultado unha participación de mulleres inferior ao 45%, incorporaranse aos mesmos o número necesario para garantir esta porcentaxe mínima.

No ámbito institucional:

Nos procesos electorais nos que a configuración de listas sexa competencia de EU as candidaturas estarán configuradas de forma paritaria, tendo que estar polo menos todos os postos pares ou impares ocupados por mulleres. A composición final do Grupo Parlamentario de EU en Galicia terá que estar composta polo menos por un 40% de mulleres, para iso a dirección procurará tendo en conta as competencias establecidas no artigo 7 dos estatutos federais que a metade da circunscrición estean encabezadas por mulleres.

O Consello Político Nacional, en función do estipulado nestes estatutos, artellará os mecanismos necesarios para que a aplicación deste principio non entre en contradición con calquera outro dos presentes estatutos.

Este principio impón, máis alá da regulación estatutaria, a necesidade de impulsar a afiliación de mulleres, así como a súa participación en todas as actividades da nosa organización, removendo os obstáculos que a dificulten, de tal forma que a súa presenza sexa a consecuencia natural da súa implicación en todos os procesos.

Esquerda Unida integrará en toda a organización, de forma transversal, o enfoque de xénero como método de traballo de forma que non se poida adoptar, propoñer, subscribir ou compartir ningunha decisión, programa, plan, proposta, etc. que incremente a desigualdade entre mulleres e homes ou trate de entorpecer a súa redución. Dado que os usos lingüísticos manipulados polos sistemas sociais dominantes, Esquerda Unida usará en todos os contextos unha linguaxe correcta e non discriminatoria. Para evitar linguaxe sexista empregaranse substantivos colectivos ou inclusivos e cando non fora posible ambos xéneros.

Como norma xeral, nos actos públicos, tanto nos organizados pola propia Esquerda Unida como nos que persoas da organización sexan convidadas, non poderán participar representantes de Esquerda Unida se no acto so participan homes.

VII. PRINCIPIO DE PARTICIPACIÓN DA MOCIDADE

Esquerda Unida declárase como un proxecto especialmente sensible cara aos graves problemas que sofre a mocidade. De aí que a súa presenza na estrutura de EU é imprescindible para a viabilidade do proxecto político, creando políticas correctoras que fomenten a súa participación en Esquerda Unida. O eixo fundamental de EU é unha política que transforma a realidade social cara a unha nova, máis participativa e dinámica, onde a mocidade sexa protagonista activa do seu presente e seu futuro, potenciando as súas inxerencias e integrando as iniciativas transformadoras dos seus problemas.

Para iso, nos Estatutos establécese que, con carácter xeral, tanto as candidaturas, coma os órganos internos e listas de delegacións ás Asembleas procurarán incluír un 20% de menores de 31 anos, contando coa presenza dunha persoa menor desa idade en tramos de 5 postos.

VIII. PRINCIPIO DE LIMITACIÓN DE PERMANENCIA NOS CARGOS PÚBLICOS E ORGÁNICOS DE EU

O mecanismo da limitación de permanencia nos cargos estableceuse en Esquerda Unida coma un instrumento para evitar a profesionalización, a perda do impulso, a dependencia económica e a burocratización política, así como para posibilitar a renovación persoal, a incorporación de novos valores, o incremento do compromiso de máis persoas. No mesmo sentido, o automatismo na limitación de cargos, obriga á busca permanente de novas persoas capaces e dispostas a asumir responsabilidades e evita situacións tensas e traumáticas que, no caso contrario, poden producirse.

Pero non só a limitación temporal, senón que a acumulación de responsabilidades, tanto de carácter orgánico como institucional, ademais de obstaculizar e limitar a participación doutras persoas adscritas, amosáronse como ineficaces, xa que os que as ostentan non poden desenvolver o seu labor coa eficacia que sería de desexar.

Por todas estas razóns establécese un réxime de incompatibilidades que quedará claramente definido nos presentes Estatutos.

Este feito, unido a outras circunstancias particulares de cada lugar e tempo, fan que, sempre que existan razóns suficientes, e con carácter excepcional, se poida flexibilizar esta limitación temporal.

Á vez, sendo conscientes da necesidade de aproveitar ao máximo a experiencia, coñecementos e habilidades que se adquiren cando se asumiron responsabilidades derivadas do desenvolvemento dos cargos, ten que buscarse o mecanismo que permita, ao mesmo tempo que a non perpetuación nos postos de responsabilidade, a reversión da aprendizaxe ao conxunto da organización. Sendo conscientes da realidade de cada lugar e tempo poda flexibilizares algo esta limitación temporal.

IX. PRINCIPIO DE ACTUACIÓN TRANSPARENTE E HONESTA DOS CARGOS ORGÁNICOS E PÚBLICOS DE EU

Sendo un sinal de identidade de EU dende a súa orixe a defensa e práctica da honestidade e transparencia por todas aquelas persoas que ostentan postos de responsabilidade e representación, por ser este un requisito básico dunha organización política transformadora e dunha sociedade realmente democrática, introdúcense nos presentes Estatutos un mínimo de criterios aos que, en aplicación destes principios, han de adecuarse a actividade dos seus representantes.

Dende a perspectiva de Esquerda Unida o exercicio da política non é una carreira profesional nin un medio para obter beneficios persoais, senón un compromiso individual e colectivo, institucional e de base, para servir ao obxectivo dunha sociedade máis xusta, máis ética, máis respectuosa co medio ambiente e máis solidaria.

Así mesmo, a transparencia será a mellor ferramenta para mostrar que existe outra maneira de estar nas institucións, para render contas á cidadanía e para esixirnos permanentemente a coherencia da que queremos facer gala.

X. PRINCIPIO DE RENDICIÓN DE CONTAS DE CARGOS PÚBLICOS DE ESQUERDA UNIDA

Os cargos públicos débense ás organizacións que os propuxeron e ao electorado que lles votou. A Dirección política dos mesmos correspóndelle ás súas respectivas Asembleas ou Consellos.

Os grupos e cargos públicos ou orgánicos nos seus distintos ámbitos deben de render contas, polo menos unha vez ao ano a petición expresa da Asemblea, do seu labor institucional tanto ante as súas respectivas Asembleas ou Colexiadas como ante o electorado en Asembleas abertas ou ante Asembleas de convocatoria ou converxencia social.

XI. PRINCIPIO DE DIVERSIDADE SOCIAL

Esquerda Unida promoverá en todos os seus ámbitos de actuación a plena participación política e a visibilidade das minorías sociais que forman parte e representan a pluralidade e a diversidade da nosa sociedade.

XII. PRINCIPIO DE RESPONSABILIDADE SOCIAL E AMBIENTAL

Esquerda Unida integrará e aplicará criterios sociais e ambientais na adquisición de bens e na xestión de actividades e campañas que se realizan. A incorporación destes criterios é unha mostra de responsabilidade social e ambiental da organización e dos seus colectivos, contribuíndo a un consumo responsable e sostible.

XIII. PRINCIPIO DA DEFENSA DA LINGUA

Esquerda Unida, consciente de que o idioma galego, a lingua propia do noso pobo, padeceu un longo proceso de ataques e discriminacións que xeraron a actual situación de diglosia, compromete o seu quefacer para conseguir a plena e efectiva normalización lingüística, que faga real o galego como lingua propia de Galicia.

XIV. PRINCIPIO DE FEDERALIDADE

EU asume o federalismo como un instrumento xurídico e organizativo para a consecución do seu proxecto común dentro de Galicia. Esta forma de federación da que se dota terá en conta as distintas realidades territoriais e tratará de cohesionalas e coordinalas.

Esquerda Unida asume o principio de que as federacións de IU son iguais en dereitos e deberes. Calquera variación substancial desta situación, derivada dun cambio na configuración político-territorial do Estado Español ou de Europa, ou como consecuencia das necesidades políticas de cada unha das partes deberá debaterse e aprobarse, con documentación e propostas razoadas, nos órganos competentes e posteriormente ser sometida a referendo.

Así mesmo EU asume o pacto federal a nivel estatal mantendo a súa autonomía e soberanía no ámbito das súas competencias e comprometéndose ao desenvolvemento ideolóxico, político e organizativo do proxecto común.

Galicia caracterízase por unha diversidade política, económica, social e cultural, tanto interna, respecto dos distintos territorios da nosa comunidade, como externa respecto ao resto das comunidades do estado ou aos distintos estados da Unión Europea. Este é o noso marco de actuación. Os principios de coordinación e cohesión son os que deben inspirar a proposta dun proxecto que queremos transformador da realidade política do noso país respecto a todas esas dimensións territoriais.

Este proxecto debe coordinarse e coesionarse co proxecto federal e así mesmo coordinar a nosa actividade dentro de Galicia en torno a un proxecto respectuoso coa diversidade dos distintos territorios. Para articular este proxecto temos que dotarnos de normas organizativas e normas que nos axuden a resolver conflitos internos que podan xurdir como resultado de esta diversidade. Así loitaremos unidos e potenciaremos o noso discurso político, resultado da achega de todas as nosas sensibilidades a un proxecto común.

Este obxectivo conseguiremos mediante un debate plural e amplo combinado coa unidade de acción.

EU quere salvagardar o seu dereito á libre expresión para a defensa da identidade de Galicia, respecto ao proxecto federal, pero seguindo o principio de coordinación con dito proxecto común en relación de lealdade, e asumindo o carácter vinculante dos acordos adoptados para todas e todos, sempre que estes non vaian contra o noso compromiso programático, no marco das nosas competencias.

TÍTULO I. DEFINICIÓN

SECCIÓN I. DENOMINACIÓN

Art. 1. Denominación política e xurídica

Esquerda Unida (en diante EU), como Federación de Izquierda Unida (IU) é un Movemento Político, e Social organizado da esquerda transformadora galega, de carácter anticapitalista e internacionalista que conta con personalidade xurídica, política e organizativa.

A denominación xeral de EU son propiedade en última instancia de IU, baixo a dispoñibilidade da Coordinadora Federal e dos seus órganos de dirección, que coidarán da súa legalización e protección xurídica.

EU ten como obxectivo superar o patriarcado e transformar o sistema capitalista económico, social e político, nun sistema socialista fundamentado nos principios democráticos de xustiza, igualdade, liberdade, solidariedade, internacionalismo, democracia participativa, respecto á natureza e abolición das clases sociais mediante a prohibición da propiedade privada sobre os medios de produción.

EU aspira a conseguir unha nación galega solidaria, soberana e vertebrada, que no exercicio do dereito de autodeterminación dos pobos, opta por integrarse nun Estado Social e Democrático de Dereito republicano, laico, federal e plurinacional e solidario.

EU é unha organización unitaria na liña política e no programa pero ideoloxicamente plural, ao concorrer partidos, colectivos e persoas que se adscriben de forma voluntaria, aceptan e practican a política de EU aprobada nas Asembleas Nacionais e órganos de Dirección, o seu programa, o seu funcionamento administrativo e financeiro e os presentes Estatutos.

Art. 2. Símbolo e logotipo

O símbolo e logotipo de EU, que figura a continuación, estará rexistrado conxuntamente por representantes legais de Izquierda Unida e EU.



Calquera modificación posterior é competencia do Consello Político Nacional (en diante CPN), a cal gardará unha liña acorde co logotipo de IU.

A bandeira galega e a da II República Española presidirán os actos de Esquerda Unida.

Art. 3. Ámbito de Esquerda Unida

O ámbito natural de actuación será o de Galicia.

A actuación de EU nos estados nos que a presenza de emigración galega así o requira realizárase en coordinación coa organización de Izquierda Unida no exterior.

A duración de EU será indefinida.

Art. 4. Lingua

O idioma de Esquerda Unida é o galego. Todos os documentos, actas, convocatorias e de máis documentación de Esquerda Unida estarán redactados en lingua galega. Os cargos orgánicos públicos de EU realizarán todas as súas intervencións públicas prioritariamente en lingua galega.

Art. 5. Domicilio Social

EU terá como domicilio social a rúa Dublín, nº 8, baixo, dereita, C.P. 15703 de Santiago de Compostela, sen prexuízo de que este domicilio poida ser cambiado pola CPN.

SECCIÓN II. FEDERALISMO E SOBERANÍA XURÍDICA E POLÍTICA

Art. 6. Das competencias de Esquerda Unida

EU ten plena soberanía xurídica e política no seu ámbito natural de actuación, no que se refire a:

A elaboración da política a desenvolver en Galicia, así como a súa Dirección. Dita política non entrará en contradición coas liñas xerais do ámbito federal.

Elaborar e aprobar os Estatutos de EU. Como federación de Izquierda Unida ditos Estatutos non entrarán en contradición cos estatutos federais.

Desenvolver a política de xestión económica de EU.

O desenvolvemento dos criterios organizativos nos eidos local, comarcal e Nacional da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os acordos ou alianzas con organizacións políticas ou sociais, cuxo ámbito de actuación non supere o de EU, dentro da coherencia, natureza e contido programático do proxecto federal de IU, de acordo cos presentes Estatutos, de tratarse dun acordo ou coalición electoral poderase someter á aceptación da afiliación a través dunha consulta vinculante.

A elaboración de programas e candidaturas para eleccións dentro do ámbito de Galicia. Contribución á sustentabilidade económica da organización federal de IU.

A representación xenérica ante as administracións autonómicas, locais e electorais de Galicia, e ante as forzas políticas no ámbito de Galicia.

A orientación, seguimento e avaliación do traballo de todos os cargos públicos no ámbito de Galicia.

A dirección política e o seguimento do traballo do Grupo Parlamentario no Parlamento de Galicia e os grupos municipais e a definición xeral de criterios de composición de ditos Grupos e dos seus Gabinetes, así como a coordinación e apoio a ditos grupos atendendo sempre a criterios de transparencia, participación colectiva e paridade.

Potenciar e desenvolver as redes de activistas, a participación e toma de decisións colectivas.

A conformación, certificación, e custodia do Censo Nacional de Afiliados a partir dos datos que obren na UAR.

Desenvolvemento das liñas xerais do programa de Educación Política definidas pola Asemblea Federal de IU.

Calquera outra non atribuída de xeito expreso aos órganos federais de IU.

Art. 7. Das competencias federais

EU recoñece como competencias exclusivas da Coordinadora Federal as estipuladas nos Estatutos Federais.

Art. 8. Das relacións de Esquerda Unida con Izquierda Unida Federal

As relacións entre Izquierda Unida federal e Esquerda Unida réxense polos presentes Estatutos e os Estatutos federais.

Nos supostos que existan discordancias a estes efectos de relacións interfederativas entre o previsto nestes Estatutos e nos Estatutos de IU estarase ao disposto nos Estatutos Federais, previa determinación da natureza e contido de dita disparidade de conformidade co establecido no artigo 8 dos Estatutos Federais.

As relacións entre IU Federal e Esquerda Unida poderán ser reguladas por protocolos específicos. A competencia para a súa aprobación e revisión está compartida polos máximos órganos de Dirección de ambas organizacións. A elaboración ou revisión dun protocolo poderá ser instada ou proposta por calquera das dúas partes afectadas. Para a súa entrada en vigor os protocolos deberán ser aprobados pola maioría absoluta dos membros presentes con dereito a voto dos máximos órganos de Dirección de Esquerda Unida e de IU.

TÍTULO II. DA PARTICIPACIÓN EN ESQUERDA UNIDA

CAPÍTULO I. DA AFILIACIÓN A ESQUERDA UNIDA

Art. 9. Quen pode afiliarse

A condición de afiliado/a a EU poderá adquirila aquelas persoas maiores de 18 anos, que de forma individual e voluntaria manifesten a súa intención de colaborar e participar de forma activa na organización, respectando e acatando os principios e obxectivos de IU e de EU plasmados nos seus Estatutos e nos acordos dos seus órganos de dirección. Poderá levarse a cabo polas persoas que viven, traballan, ou teñen unha especial vinculación con Galicia,

Mediante a afiliación cada persoa afiliada adquire un compromiso de actividade axustado á súa vontade, posibilidades e dispoñibilidade.

Art. 10. Competencia para a aceptación da afiliación

Será competente para a aceptación ou denegación da afiliación a Asemblea de base onde se pretenda realizar a afiliación, agás nos casos previstos no parágrafo seguinte.

Será competente o CPN para aprobar a afiliación, unha vez escoitada a Asemblea de base, de:

- Grupos organizados de persoas
- Cargos que foron declarados tránsfugas polos órganos competentes.
- Dirixentes que no pasado pertenceron a algún Órgano Político de EU ou organización predecesoras electoralmente.
- Persoas que foran candidatas ou cargos públicos doutros partidos ou organizacións políticas nos últimos 4 anos.
- Dirixentes doutros partidos ou organizacións políticas.

Art. 11. Procedemento de afiliación ordinario

A afiliación realízase a través da Asemblea de Base correspondente ao ámbito de actividade política en función da súa residencia, traballo ou estudo.

Para afiliarse será necesario cubrir e asinar unha ficha de afiliación de forma individualizada, no que se fará constar a vontade de formar parte de EU.

A ficha de afiliación deberá ser presentada ante a Colexiada da Asemblea de Base, quen, a aprobará e/ou o porá en coñecemento da Asemblea, para a aceptación ou denegación da afiliación ou para elevala ó Consello Político Nacional, nos casos previstos no artigo 10.

A denegación será motivada co relacionado no artigo 13 e contra a mesma cabe recurso ante o órgano inmediatamente superior, que resolverá en última instancia.

No caso de que a persoa á que se lle denega a afiliación lle asista un dereito subxectivo por pertencer a unha organización política integrada en EU, o órgano responsable será o CPN.

Se no territorio afectado non existise organización de EU, a afiliación producirase a través do órgano inmediatamente superior na estrutura.

A decisión da non tramitación dunha afiliación por parte da Colexiada Local ou da Asemblea Local deberá ser comunicada á Colexiada Comarcal que, escoitadas as partes, poderá ratificala ou, en caso contrario, deberá comunicalo á Comisión Colexiada Nacional de EU, que terá competencia para ditaminar e elevalo ó CPN de EU, que decide en última instancia.

O CPN de EU poderá revocar, de xeito razoado en base aos presentes Estatutos, e con maioría de 3/5 dos seus membros, afiliacións aceptadas polas Colexiadas e/ou Asembleas locais ou comarcais.

Cada órgano implicado terá un prazo máximo de 30 días para tomar a súa resolución, agás o CPN que terá un prazo de 90 días.

Art. 12. Procedemento de afiliación electrónico.

Habilítase a posibilidade de solicitude de afiliación informática a través de dúas vías:

1. Na páxina web de EU, mediante ligazón á de Izquierda Unida Federal, onde cumprimentarase o formulario de solicitude de afiliación facilitada, que chegará á persoa responsable da UAR de Galicia.

2. Coa descarga da ficha de afiliación en formato informático, que unha vez cumprimentada deberá ser enviada por correo postal ou correo electrónico á sede de EU.

A solicitude web ou a ficha completamente cumprimentada, trasladarase á Colexiada Local da Asemblea de base correspondente, que serán os responsables de contactar coa persoa interesada e presentarán de inmediato a solicitude de afiliación, procedendo conforme ao artigo 11 destes Estatutos.

Art. 13. Motivos para a denegación dunha afiliación

Motivos para a non admisión da afiliación serán, entre outros, os tipificados como graves e moi graves para as persoas afiliadas a EU nos presentes Estatutos.

Non se aceptará a afiliación en EU daquelas persoas que, de maneira probada tiveran posicións públicas de defensa do modelo capitalista, tomaran posicións contrarias á ética política, de agresión ao medio ambiente, da violencia de xénero, ou actitudes contrarias ao respecto polas diferenzas persoais, sexan na súa vertente racial, física, cultural, relixiosa, de opción sexual ou de identidade de xénero.

Non se aceptarán persoas que practiquen o maltrato animal.

Así mesmo, non se aceptará a afiliación daquelas persoas que non respecten todas as sensibilidades ideolóxicas que hai dentro de EU, nin tampouco a de quenes participen en outros partidos que non estean integrados en Esquerda Unida salvo aqueles partidos ou movementos cos que EU, a calquera nivel, manteña alianzas electorais, e exista un acordo recíproco ó respecto.

Art. 14. Prazos

A aceptación deberá ser rexistrada inmediatamente no seo da agrupación, nun prazo máximo de 15 días no Rexistro Xeral de EU.

Nun prazo non superior a 45 días hábiles a Colexiada Local da Agrupación comunicará ao interesado ou interesada a aceptación ou non da alta, así como as razóns que a motivaron, agás nos casos previstos no artigo 10 nos que é competente o CPN, que será de 90 días.

No caso de solicitudes de afiliación vía web, se a asemblea de base non respondese sobre a afiliación antes dos 50 días da solicitude, procederase á alta da mesma de forma automática.

Art. 15. Efectos da afiliación

A afiliación será firme desde o momento que sexa aceptada polo Órgano competente para aceptala.

A afiliación terá plenos efectos, conforme ao que indican estes estatutos, unha vez aboada a cota prevista nos presentes Estatutos.

Unha vez sexa aceptada a afiliación por parte do órgano competente, computarase como data a efectos de antigüidade o día de solicitude tanto para a forma presencial como se fose pola de medios telemáticos.

Art. 16. Aceptación da afiliación

Ás persoas ás que se lle acepte a afiliación a Esquerda Unida achegaráselles copia dos Estatutos e unha información suficiente sobre o programa e, no prazo adecuado, a súa tarxeta de afiliación.

Cada persoa afiliada estará adscrita a unha soa Asemblea de base. Toda persoa afiliada a Esquerda Unida, que traslade a súa residencia ou lugar de traballo ou estudo do ámbito dunha asemblea a outra, deberá comunicar o seu traslado e recoñeceráselle automaticamente na nova Asemblea os dereitos a que teña lugar, sempre que non poda seguir adscrito á Asemblea de orixe.

A nova afiliación debe recibir información e o contacto da coordinación das redes que lles interesen nun prazo non superior a dous meses.

A Secretaría de Organización subministrará tamén esa información automaticamente ás diferentes redes no mesmo prazo de tempo.

CAPÍTULO II. DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS AFILIADAS

Art. 17. Dereitos e deberes de carácter xeral

Con carácter xeral toda a afiliación que forma parte do proxecto político que expresa EU terá os mesmos dereitos e deberes que lle sexan recoñecidos pola lei e os presentes Estatutos.

SECCIÓN I. DEREITOS DAS PERSOAS AFILIADAS

Art. 18. Dereitos de participación

- a. Participar e promover en todas as actividades e decisións de EU no seu ámbito respectivo.
- b. Participar con voz e voto na Asemblea de base e na rede da súa adscrición, así como naqueles órganos dos que fora membro, con absoluta liberdade de opinión e proposta en ditos órganos.
- c. Elixir e ser elixida ou elixido para calquera órgano, nos que se respectarán os principios de EU, sendo o requisito para o exercicio destes dereitos estar afiliado desde o que se estableza para cada Órgano nestes Estatutos cando menos, 2 meses antes da convocatoria da Asemblea e estar ao corrente de pago na UAR.
- d. Participar na elaboración das candidaturas de EU para procesos electorais no seu ámbito xeográfico, e ser postulado para a súa inclusión nas mesmas, polas canles estatutaria e regulamentariamente establecidas.
- e. Participar e promover voluntariamente en correntes e plataformas de opinión, así como participar nos partidos políticos ou entidades integrados en EU.
- f. Participar en cantas redes, participación e toma de decisións colectivas ou grupos de traballo se establezan ao igual que na Asemblea, o seu compromiso de participación é individual e voluntario.
- g. Discutir e decidir sobre o desenvolvemento concreto da política de Izquierda Unida Federal e EU no seu ámbito, orientando o traballo social e institucional dos seus membros.
- h. Elaborar o programa electoral do seu ámbito, de acordo cos criterios e decisións que ao respecto se adopten polo CPN no marco Estatutario, tendo en conta as posicións políticas de EU.
- i. Participar na elaboración, a través dos seus órganos e redes, e toma de decisións colectivas, das liñas estratéxicas e programáticas.
- j. Participar nos referendos ou consultas vinculantes que sexan convocados polos órganos de EU para a adopción de decisións de especial transcendencia.

- k. Que sexan consultadas e consultados para a adopción de decisións en materia de especial relevancia, a través das canles ordinarias, de consultas, enquisas, sondaxes de opinión ou mediante calquera outro instrumento que sexan precisos para coñecer a opinión directa das persoas afiliadas e próximas a EU.
- l. Intercambiar opinións ou informacións con calquera outra persoa afiliada a EU.
- m. Participar e promover procesos revogatorios de cargos orgánicos ou públicos segundo regulen estes Estatutos

Art. 19. Dereitos de información

- a. Recibir, no momento da súa afiliación, os Estatutos de EU.
- b. Ter acceso dunha maneira ampla e rápida a toda a información das decisións ou posicionamentos políticos de IU e EU, así como dos debates internos xerais que se produzan, con dereito a coñecer os diferentes posicionamentos en tales debates.
- c. Recibir información sobre o labor institucional e consulta no caso de decisións importantes de carácter anual ou para toda a lexislatura, como acordos ou orzamentos.
- d. Ter acceso a calquera acta, documento, decisión, resolución ou acordo debatido e/ou emitido por calquera órgano ou cargo de EU así como compartilo con calquera outra persoa afiliada a EU.
- e. A recibir formación de forma regular para que a afiliación, independentemente da súa experiencia ou estudos, teña a capacidade de analizar a realidade e participar na elaboración colectiva que debería ser un dos principios reitores desta organización.
- f. Coñecer a composición dos órganos de Dirección.
- g. Coñecer as retribucións, derivadas do cargo, dos cargos públicos de EU, no seu ámbito Local, Comarcal e Autonómico. Informarase nas Asembleas de base ou nos órganos correspondentes ao comezo de cada lexislatura e cando se producise algún cambio.
- h. Ter coñecemento do persoal que traballa para a organización nos distintos ámbitos.
- i. Coñecer o censo, así como o estado de pago das cotas de persoas afiliadas a EU na súa Asemblea de base.
- j. Recibir información e opinar sobre a situación económica e financeira de EU.

Art. 20. Dereitos de control

- a. Recorrer fronte ás medidas disciplinarias que se puidesen adoptar na súa contra.
- b. Impugnar os acordos que se estimen contrarios aos Estatutos ou á Lei, así como propoñer a adopción de medidas disciplinarias cando estime que existan causas para iso.
- c. Impugnar as resolucións dos órganos políticos do seu ámbito se consideran que se vulneraron os seus dereitos.
- d. Exercer o dereito de control democrático e crítica, así como efectuar as propostas que estime convenientes, a través das canles estatutarias establecidas, rendición de contas e revogatorio, con relación as persoas que ostentan cargos internos ou públicos, así como con relación aos propios órganos.

Art. 21. Outros dereitos

- a. Causar baixa voluntaria en E.U.
- b. Dimitir dos postos ou cargos para os que se elixiu.
- c. O debido respecto cara as opinións políticas, conviccións relixiosas ou morais e a súa vida privada, sempre que non se funden en principios, actitudes ou comportamentos violentos, racistas, sexistas, homófobos ou de calquera outra índole que atenten contra a dignidade ou a liberdade das persoas.
- d. Recibir a oportuna protección externa e interna por EU fronte aos ataques inxustos na forma que se estableza nos órganos competentes. Tamén a súa defensa xurídica por EU, se pola súa

actuación política, dentro do marco estatutario, tivera unha denuncia ante os Tribunais de Xustiza. Sufrise detención policial ou algunha agresión á súa honra, boa imaxe persoal ou intimidade. EU deberá recorrer e asumir como propias as sancións e faltas persoais que se realicen no exercicio da afiliación, co fin de que non teña custe directo para o militante. A organización asumirá as responsabilidades pecuniarias posteriores desa defensa xurídica, consecuencia da actividade política na liña de EU. Por maioría cualificada de 3/5 o CPN poderá acordar a non aplicación deste dereito cando se poda poñer en risco a actividade ordinaria de EU.

- e. Á liberdade de expresión e á manifestación das súas críticas sobre as decisións tomadas, sen atentar contra a unidade, principios, Estatutos e programas de EU e co debido respecto cara ás persoas. O exercicio deste dereito realizarase de forma responsable e tendo en conta que será igual para todas as persoas afiliadas a EU. O dereito aquí recoñecido terá a máxima protección cando se desenvolva no ámbito interno da organización. A protección á divulgación externa de opinións individuais darase tamén nos procesos previos á adopción das decisións ou posicionamentos políticos.
- f. Toda persoa afiliada a EU que traslade a súa residencia do ámbito dunha Asemblea a outra deberá comunicar o seu traslado á Secretaría de Organización Nacional, e recoñeceráselle automaticamente os dereitos a que teña lugar.
- g. Á confidencialidade dos datos persoais que poña en coñecemento de E.U., que unicamente serán usados para o normal desenvolvemento da actividade política por E.U. conforme á legalidade vixente nesta materia e os presentes estatutos.

Art. 22. O Exercicio dos dereitos das persoas afiliadas

Para o exercicio dos dereitos contidos nesta sección que podan verse afectados pola lei de protección de datos o CPN aprobará un regulamento, no que se garantan ditos dereitos, a confidencialidade de datos, a forma de exercelos, así como os prazos para o seu exercicio.

SECCIÓN II. DEBERES DAS PERSOAS AFILIADAS

Art. 23. Deberes das persoas afiliadas

Son deberes das persoas afiliadas:

- a. Axustar a súa actividade política ao compromiso voluntariamente contraído de cumprir os principios, programas e estatutos de EU, así como as resolucións e acordos emanados dos órganos.
- b. Toda persoa afiliada ten o deber de respectar as decisións democraticamente adoptadas por EU en cada un dos órganos e niveis.
- c. As persoas afiliadas deberán satisfacer, a través da UAR, de forma individual a cota que se estableza polos órganos competentes de EU e que se realizarán mediante domiciliación bancaria salvo casos excepcionais nos que se fará por ingreso bancario, tal como se indique pola UAR. Na carta financeira deberase contemplar a posibilidade dunha moratoria no pago da cota para as persoas afiliadas.
- d. Asistir aos órganos de Dirección para os que se elixiu, conforme aos regulamentos dos órganos.
- e. Desempeñar os cargos para os que foran elixidos con absoluta honestidade e transparencia, sen valerse do cargo para satisfacer intereses patrimoniais persoais propios ou doutras persoas coñecidas.
- f. Respectar as opinións e posicionamentos das demais persoas que participan en EU.

- g. Respetar e acatar cantas resolucións se diten polos órganos competentes no marco dos presentes Estatutos e os seus desenvolvementos regulamentarios, sen prexuízo da capacidade de recorrelas
- h. Esgotar as vías internas de garantías democráticas antes de acudir aos Tribunais en defensa dos seus intereses.
- i. Non organizar, impulsar, participar ou apoiar campañas contra IU federal ou as súas distintas federacións ou a favor doutras alternativas política/s non integradas e/ou asociadas con IU
- j. Defender os intereses xerais de EU, os seus Estatutos, programas e resolucións aprobados nas súas Asembleas, así como os acordos lexitimamente emanados dos seus órganos de dirección e Asembleas de base.
- k. Cumprir as obrigas derivadas das responsabilidades que voluntariamente se asuman nas institucións, redes, órganos de Dirección ou calquera outra responsabilidade.
- l. Manter permanentemente calquera cargo público ou responsabilidade orgánica a disposición do órgano que o elixiu.

CAPÍTULO III. DA PERDA DA CONDICIÓN DE AFILIADA/O

Art. 24. Causarase baixa en EU

- a. Por libre decisión da persoa afiliada, solicitada por escrito.
- b. Por libre decisión da persoa afiliada, manifestada de forma tácita. Entenderase que se produce tal decisión cando a persoa afiliada deixe de abonar a cota (tres recibos consecutivos), sen que alegue xustificación suficiente, previa comunicación escrita á persoa interesada, dando un prazo de regularización dun mes, a partir da comunicación.
- c. Por resolución sancionadora e firme dos órganos competentes de EU.
- d. Por abandonar ou non integrarse nos grupos institucionais polas candidaturas legalizadas por IU ou EU.
- e. Por afiliarse a un partido político non integrado en IU salvo o establecido no artigo 13.
- f. Por concorrer en candidaturas electorais, ou por realizar de forma pública e notoria campaña en apoio das mesmas, cando estas se presentasen en competencia coas legalizadas por IU ou EU.
- g. Por ter sido condenado xudicialmente por delito relacionado coa corrupción
- h. Por ser condenado mediante sentenza firme pola comisión dun delito que vaia en contra dos principios defendidos por EU. No caso de violencia de xénero ou sexual, aplicarase a baixa se os tribunais establecen medidas cautelares, sen perxuízo das previstas en estes estatutos.
- i. Por non apoiar as candidaturas presentadas por EU en coalicións ou procesos de converxencia ou concorrer neses procesos noutras listas non legalizadas por EU.
- j. Por falecemento

Nos casos das letras e), f), g) e h), unha vez denunciado o feito, procederase por parte do órgano correspondente a suspender cautelarmente de militancia de maneira automática (sen necesidade de maioría cualificada) e a instruír pola vía de urxencia o expediente contradictorio disciplinario.

CAPÍTULO IV. VULNERACIÓN DE DEREITOS OU INCUMPRIMENTOS DE DEBERES.

SECCIÓN I. DOS EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS

Art. 25. Expedientes disciplinarios

1.- Os órganos de dirección, no ámbito que lles corresponda, poderán incoar expediente disciplinario de acordo os principios de tipificación das infraccións, audiencia da persoa interesada, presunción de inocencia e proporcionalidade da sanción, fronte a aquelas persoas afiliadas e simpatizantes que incorran nalgunha das condutas tipificadas como infracción nestes Estatutos e polas normas regulamentarias que en desenvolvemento destes puideran ditarse,

2.- Inicio do expediente

O expediente poderá iniciarse de oficio ou por iniciativa de parte.

No caso de que a persoa a expedientar pertencese a un órgano de dirección, o Consello Político Nacional ou un órgano de dirección nomeado ao efecto, correspondente ao ámbito no que teñan incidencia os feitos que motiven a iniciación do expediente, poderá iniciar de oficio o expediente. No caso de que a persoa expedientada pertencera o ámbito de máis dun órgano de coordinación, o órgano competente que iniciara o expediente deberá informar por escrito ao resto de órganos dos que forma parte.

Se a persoa expedientada non pertencera a ningún órgano de dirección, e os feitos tiveran relevancia só no ámbito da Colexiada da Asemblea de Base na que estea afiliada, será esta a competente para inicialo de oficio. Se os feitos sancionables tiveran unha incidencia que sobrepasaran o seu ámbito o CPN terá prioridade na competencia para iniciar o expediente.

A apertura do expediente poderá iniciarse a petición de calquera persoa afiliada que entenda que se vulneraron os seus dereitos mediante denuncia por escrito ante o órgano competente para a súa instrución.

Tamén poderá iniciarse a petición de calquera outro órgano de dirección de EU que tivera coñecemento de feitos susceptibles de ser sancionados.

Cando houberse varias condutas infractoras atribuíbles a unha mesma persoa afiliada, poderán acumularse todas nun só expediente.

Art. 26. Tramitación do expediente sancionador

1.- O órgano ante o que se presentou a denuncia decidirá sobre a súa competencia para coñecer do expediente no prazo de 30 días hábiles dende a presentación, ou dende o coñecemento dos feitos sancionables, e en caso de ser outro o órgano competente inhibirase a favor deste. Determinada a competencia decidirá a apertura do expediente.

Decidida a apertura do expediente sancionador polo órgano competente, no prazo de 30 días hábiles dende a decisión da apertura elixirase a tres persoas pertencentes ao órgano que conformarán unha comisión instrutora para as infraccións graves ou moi graves e que serán os encargados de instruír dito expediente. Para as infraccións leves seguirase o procedemento abreviado recollido no artigo 30 de estes estatutos.

2.- Se o procedemento se iniciase mediante denuncia as persoas instrutoras encargadas poderán intentar resolver o conflito nunha mediación, convocando as partes co fin de que se aveñan a una conciliación. O acto de conciliación deberá celebrarse dentro dos 20 días hábiles seguintes á data de rexistro da denuncia.

3.- No suposto de que non houbera acto de conciliación ou este se realizase sen chegar a as partes a un acordo, as persoas instrutoras elaborarán, no prazo de 20 días hábiles a partir do seu nomeamento ou do acto de conciliación sen acordo, un escrito no que expresen as imputacións polas que se procede á apertura de expediente, que deberá ser entregado, de forma que quede constancia, á persoa expedientada. Na mesma comunicación constará o dereito da persoa expedientada a realizar, tamén por escrito as alegacións que estime no prazo de 10 días hábiles desde esta notificación de apertura de expediente sancionador.

No escrito de alegacións poderá a persoa expedientada propoñer que polas persoas instrutoras se pida a opinión ou información doutras persoas que coñeceran os feitos imputados xustificando a procedencia do testemuño de cada una delas.

4.- Transcorrido o prazo establecido no apartado anterior para a recepción do escrito de alegacións e proposición de probas, recibírase este ou non polas persoas instrutoras, formularán, nun prazo máximo de 20 días hábiles, ao órgano político que lles nomeou a súa proposta de resolución na que deberán indicar de maneira suficientemente motivada si os feitos son constitutivos de infracción, así como, no seu caso, a sanción que propoñen; igualmente, se consideraran que os feitos non son constitutivos de infracción, solicitarán a desestimación das acusacións e o arquivo do expediente.

5.- De dita proposta de resolución darase traslado á persoa expedientada para que no prazo de tres días alegue o que ao seu dereito conveña. Transcorrido ese prazo, levarase a proposta de resolución xunto coas alegacións, se as houbera, ao órgano competente para resolver.

Art. 27. Terminación do expediente

No prazo de 30 días hábiles a presentación da proposta elaborada polas persoas instrutoras o órgano de dirección decidirá a estimación total ou parcial ou a desestimación da mesma.

Se a persoa expedientada non pertence a ningún órgano de dirección, o órgano que iniciou o expediente aprobará unha proposta que deberá ser ratificada ou non pola Asemblea na primeira reunión da mesma que se celebre. Se pertence a algún órgano de dirección, o órgano competente para iniciar o expediente ratificará ou non a proposta.

En todo caso a persoa expedientada terá dereito a asistir á reunión na que se produza a decisión de terminación do expediente.

A notificación da decisión á persoa expedientada farase mediante escrito no que consten os feitos imputados e a decisión adoptada, nun prazo máximo de 15 días hábiles.

Art. 28. Arquivo do expediente

1- O incumprimento dos prazos polos órganos competentes, sempre que non responderán a causas imputables á persoa expedientada ou a circunstancias debidamente xustificadas, determinará o arquivo do expediente e o fin das medidas cautelares que se puideran adoptar.

2- Para os casos estipulados nos apartados e), f), g), e h) do artigo 24 establececese una vía de urxencia que permita a resolución do expediente no prazo máximo dun mes. Os recursos que se puideran impoñer, por este motivo a Comisión de Arbitraje e de Garantías Democráticas de EU deberán tamén resolverse en trámite de urxencia e non paralizarán a sanción imposta.

Senón fora de conformidade coa decisión da Comisión de Arbitraxo e de Garantías Democráticas de EU en 1ª instancia poderá recorrer á 2ª instancia a Comisión de IU Federal.

Art.29. Recursos fronte as sancións impostas

A decisión mediante a que o órgano político ou a Asemblea competente resolve o expediente con adopción de medidas disciplinarias poderá ser recorrida a Comisión de Arbitraxo e Garantías Democráticas de EU.

O prazo para solicitar a intervención desta Comisión será de 15 días hábiles desde a notificación da resolución.

Poderase recorrer en segunda instancia a la Comisión de IU federal nos casos establecidos no artigo 73 dos Estatutos federais no prazo de 15 días hábiles desde que se reciba a notificación da resolución da Comisión de EU.

A interposición do recurso implicará a suspensión cautelar da executividade da sanción ata a resolución definitiva, agás para aqueles casos nos que os feitos puideran ser constitutivos dunha infracción tipificada como moi grave para os cales poderá adoptarse as medidas cautelares previstas no artigo 32.

As medidas cautelares impostas polos órganos de EU poderán ser recorridas ante a Comisión de Arbitraxo e Garantías Democráticas si estas implican a suspensión de militancia agás nos casos establecidos no artigo 24 destes Estatutos. O recurso poderase presentar nos 5 días hábiles posteriores á comunicación da suspensión cautelar. A Comisión de Arbitraxo e Garantías democráticas terá un prazo de 7 días hábiles para a resolución. A interposición de recurso non suspenderá as medidas cautelares impostas.

Art. 30. Procedemento abreviado para infraccións leves

Nos supostos de infraccións leves, bastará con que a persoa afiliada compareza ante o órgano competente e, previa audiencia daquel, na que poderá manifestar o que ao seu dereito conviñera, decidirse no acto a resolución do procedemento. Dita resolución será recorrible ante a Comisión de Arbitraxo e Garantías Democráticas no prazo de 15 días da notificación da mesma.

SECCIÓN II DAS INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Art. 31. Infraccións

1.-As infraccións se clasifican en:

- a. Leves
- b. Graves
- c. Moi graves

2.- Consideraranse infraccións leves:

- a. A falta de respecto aos órganos de EU ou a súa afiliación, no exercicio da actividade política, cando este comportamento non teña repercusión pública.
- b. A neglixencia no cumprimento dos deberes contemplados nos estatutos

- c. As condutas descritas como faltas graves o moi graves cando non tivesen entidade suficiente para ser cualificadas como tales.

3.- Consideraranse infraccións graves:

- a. As reflectidas no apartado anterior, cando estas teñan repercusión pública ou sexan realizadas por membros da organización que ostenten cargos.
- b. As que supoñan reiteración, nun prazo de dous anos, das condutas expresadas no apartado anterior, si existirá advertencia dos órganos de dirección correspondente.
- c. A obstrución do labor e das decisión dos órganos de EU e de IU.
- d. A manifestación pública, por calquera medio de difusión, de opinión, ideas ou comentarios contrarios ás decisións, acordos e resolución dos órganos de EU e de IU.
- e. A ofensa persoal grave a calquera persoa afiliada que menoscabe o seu prestixio ou imaxe ou a de órganos colexiados.
- f. Comisión de actos ou acción de discriminación por razón de xénero, raza, orixe, orientación sexual, identidade de xénero, relixión ou calquera circunstancia social e, en especial, os que impliquen violencia contra as mulleres, condutas LGTBIfóbicas, racismo ou xenofobia.

4.- Consideraranse infraccións moi graves:

- a. A reiteración na comisión de faltas graves previamente sancionadas en firme.
- b. A subscrición ou apoio de moción de censura con outro partido ou coalición ou a iniciativa propia, contravindo os acordos establecidos polos órganos de IU e de EU.
- c. A actuación en contra dos acordos, decisión ou resolución expresamente adoptados polos órganos da organización.
- d. As agresións físicas a outras persoas afiliadas.
- e. O deterioro, dano ou menoscabo graves da imaxe pública da organización, os seus órganos e cargos políticos ou públicos.
- f. Concorrer en candidaturas electorais, ou realizar de forma pública e notoria campaña en apoio das mesmas, cando estas se presentan en competencia coas legalizadas de EU ou de IU.
- g. Por non apoiar as candidaturas presentadas por EU en coalicións ou procesos de converxencia ou concorrer neses procesos noutras listas non legalizadas por EU.
- h. A manipulación do censo e a súa difusión sen a correspondente autorización así como o mal uso e difusión impropio de calquera información de carácter persoal.
- i. O incumprimento por parte das Persoas nomeadas para cargos públicos da Carta e o Acordo Financeiro asinados con IU ou de EU.
- j. A apropiación ou o desvío de fondos ou outros recursos económicos de IU ou de EU.
- k. A Comisión de delitos de xenofobia, LGTBIfobia, racismo, maltrato animal, violencia de xénero, contra a integridade física, sexual, moral ou psicolóxica ás mulleres, menores, e persoas de colectivos vulnerables, unha vez recaída sentenza condenatoria.
- l. Ser procesado por accións delictivas.
- m. Que exista sentenza firme no caso da comisión dun delito que vaia en contra dos principios defendidos por EU.
- n. O abandono ou a non integración nos grupos institucionais constituídos polas candidaturas legalizadas por EU ou IU.
- ñ. Ser condenado xudicialmente por calquera delito relacionado coa corrupción: malversación, branqueo de capitais, extorsión, apropiación indebida, tráfico de influencias, enriquecemento ilícito, nepotismo...
- o. A actuación en contra dos acordos, decisión ou resolución expresamente adoptados polos órganos da organización no marco das súas competencias con consecuencias negativas para EU ou IU.

Art. 32. Medidas cautelares

No caso de que os feitos obxecto dun expediente sancionador puideran ser constitutivos dunha infracción tipificada como moi grave con transcendencia pública e notoria para EU o Consello Político Nacional poderá adoptar de forma motivada a medida cautelar de suspensión temporal dos dereitos dunha persoa afiliada a proposta da comisión instrutora.

Para os casos establecidos no artigo 24, apartados e), f), g), e h) e para aquelas persoas afiliadas incursas nun proceso penal respecto dos cales se ditara auto de apertura de xuízo oral por un delito relacionado coa corrupción se aplicará a medida cautelar de suspensión de militancia de maneira automática polo Consello Político Nacional e sen necesidade de xustificación. Para os demais casos as medidas cautelares deberán adoptarse sempre de forma xustificada por maioría de 2/3 dos asistentes á reunión de dito órgano na primeira reunión que se celebre.

A adopción de medidas cautelares en ningún caso obviará a instrución do correspondente expediente sancionador. Si transcorridos 3 meses dende a adopción das medidas cautelares non se concluíra o correspondente expediente sancionador, as medidas cautelares deixarán de ter efecto algún.

Art. 33. Medidas sancionadoras

Poderán consistir en:

Para as infraccións leves a amoestacións interna ou pública

Para as infraccións graves a suspensión dos dereitos como persoa afiliada, en todo ou en parte, por un período dun mes ata un ano.

Para as infraccións moi graves a suspensión dos dereitos como persoa afiliada por un período dun ano e un día a dous anos ou a expulsión de EU e o cese durante o mandato dos órganos dos que fora membro.

Art. 34. Prescrición das infraccións

Prescribirán aos tres meses as leves, aos seis meses as graves e ao ano as moi graves; salvo as infraccións graves e moi graves que afecten a cuestións de xénero ou económicas, que prescribirán ós cinco anos.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde a comisión dos feitos. No suposto de que os feitos foran ocultados, o prazo de prescrición comezará a contarse desde que foran descubertos.

A comunicación do inicio do expediente sancionador interromperá os prazos de prescrición.

TÍTULO III. OUTRAS FORMAS DE PARTICIPACIÓN EN EU

CAPÍTULO I. DAS E DOS SIMPATIZANTES

Art. 35. Da/do simpatizante

Son simpatizantes de EU, aquelas persoas que, sen estar afiliadas a algunha organización política, colaboran coa organización de forma habitual.

EU elaborará un listado das persoas físicas, asociacións ou calquera entidade social que manifesten a súa vontade de colaborar coa achega de ideas e propostas, ou, no seu caso, coa participación nas reunións abertas ou simplemente de recibir a información elaborada por EU.

A inclusión destas persoas ou entidades na UAR, mentres non se manifeste a vontade de separación do mesmo dará dereito a:

- a. Acceder á información sobre as actividades, posicionamentos e propostas de EU no nivel correspondente.
- b. Participar con voz e voto na rede de activistas á que estea adscrita ou a aquelas que puideran constituírse
- c. Coñecer e participar nos debates de EU con voz e sen voto.
- d. Participar na elaboración de listas electorais polos cauces estatutaria e regulamentariamente establecidos.
- e. Participar con voz e sen voto na elección de cargos internos.

En ningún caso poderán participar en asembleas nas que se traten asuntos disciplinarios.

Así mesmo terán dereito a participar nas redes de activistas, participación e toma de decisións colectivas.

Terán a mesma consideración os cargos públicos independentes nas candidaturas de EU, as persoas menores de 18 anos e a representación de EU nas Mesas dalgún proceso de eleccións, sen afiliación.

É deber das persoas simpatizantes defender os intereses xerais da organización e non adscribirse a ningunha outra organización política que compita electoralmente con Esquerda Unida.

A Asemblea de base do ámbito correspondente, ou o órgano que se declare competente, poderá denegar a admisión de simpatizantes polos motivos recollidos no Artigo 13 destes estatutos.

Así mesmo, a Asemblea de base do ámbito correspondente, ou o órgano que se declare competente, poderá retirar a condición de simpatizante a quen, tendo esa condición, incorra nalgunha das infraccións tipificadas como moi graves no Artigo 31 destes estatutos

CAPÍTULO II. DAS ORGANIZACIÓNS E PARTIDOS POLÍTICOS

Art. 36. Competencia para integración

Corresponde ó CPN a integración en EU de Organizacións ou Partidos Políticos de ámbito galego. Dita decisión deberá ser ratificada pola Asemblea Nacional.

Art. 37. Requisitos para a integración

As organizacións e/ou partidos de ámbito galego cuxa integración fose aprobada polo CPN deberán explicitar nos seus Estatutos:

O dereito e o deber que ten a súa afiliación de militar en EU.

Non poderá admitir que a súa afiliación milite noutros partidos ou organizacións políticas non integradas en EU

Para iso disporán dun prazo de dous meses para facer efectiva a afiliación individual da súa militancia nas respectivas asembleas de base.

Art. 38. Procedemento de integración

O CPN elaborará as normas que permitan a inclusión no mesmo de dirixentes das organización ou partidos integrados en EU.

Art. 39. Delegación de funcións en Esquerda Unida

As organizacións e/ou partidos que se integren en EU delegarán as facultades que lle eran propias, coa finalidade de que sexan exercidas en exclusiva por EU, sinalándose en concreto as seguintes:

Presentarse a calquera tipo de proceso electoral. Representación institucional.

A determinación da Política xeral de alianzas de EU, no ámbito de Galicia, local ou calquera outro de ámbito integramente comprendido en Galicia.

O establecemento de Relacións institucionais e políticas con partidos, forzas sociais e sindicais que sosteñan principios manifestamente contrarios ás posicións e acordos de EU.

Art. 40. Da actividade dos partidos integrados en Esquerda Unida

Terán plena capacidade de expresión no interior da organización sen que poda supoñer ningún menoscabo do cumprimento público da política aprobada polos órganos competentes.

Poderán defender internamente as súas posicións en calquera momento, sempre que o fagan respectando a unidade, principios, Estatutos e programas da organización e os acordos adoptados de forma válida e democrática polos órganos correspondentes.

Durante as fases de debate, terán plena capacidade de expresión pública. Na súa actuación, os partidos deberán:

Respectar os principios e estatutos de Esquerda Unida.

Respectar os acordos tomados democraticamente polos órganos correspondentes, previos os oportunos debates, e non combatelos ou cuestionalos publicamente.

Respectar que a opinión pública de EU é transmitida polos/as portavoces da Organización Nacional.

Respectar que EU ten o uso exclusivo da denominación “Esquerda Unida” e dos seus emblemas.

Respectar que EU e a Organización Federal de Izquierda Unida gozan en exclusividade das competencias recoñecidas nos presentes Estatutos.

Art. 41. Dereitos de participación.

Os partidos e organizacións integrantes de Esquerda Unida terán representación en todos os órganos de dirección e coordinación que se indican nos presentes estatutos, sempre que demostren a súa presenza cun mínimo do 3% do conxunto da afiliación de EU nese ámbito. Ás persoas electas por esta vía se lles esixirán os requisitos de participación en órganos aplicables ao conxunto da afiliación.

A súa integración supón o dereito a participar na financiación pública que recibe Esquerda Unida como contrapartida a súa renuncia a presentarse a procesos electorais. Igualmente, de garantías de acceso e participación nos recursos materiais que mutuamente se dispoña.

A concreción das relacións organizativas e económicas cos partidos e organizacións integrantes será articulada a través de protocolos específicos a distinto nivel.

Art. 42. Revogación da integración

O CPN poderá revogar por maioría de 3/5 a integración dunha organización ou partido do ámbito de Galicia en caso de incumprimentos graves e reiterados das obrigas establecidas nesta sección destes Estatutos, previo expediente contradictorio instruído ao efecto.

CAPÍTULO III. DAS CORRENTES DE OPINIÓN

Art. 43. Das Correntes de Opinión

Poderán existir no seo de EU Correntes de Opinión que se configuren tanto ante cuestión concretas, como de carácter xeral, que poden ser estables ou puntuais.

Todas as Correntes de Opinión gozan, para temas concretos, dos mesmos dereitos e deberes, e atenderán a igual normativa que o resto de Correntes de Opinión que se configuren no seo de EU. O feito de pertenza dunha persoa afiliada a EU a unha corrente de opinión en ningún caso poderá supoñer privilexio ou agravio comparativo respecto doutras persoas afiliadas a EU

Art. 44. Requisitos para a constitución dunha corrente de opinión.

Para o seu recoñecemento como Corrente de Opinión de carácter estable, esta deberá dirixirse á Comisión Colexiada Nacional a través de petición motivada, que reunirá, polo menos, os seguintes requisitos:

- a. Denominación da Corrente de Opinión e carácter.
- b. Implantación a acreditación cando menos en tres Asembleas de base .

- c. A relación nominal de persoas afiliadas que pertencen á Corrente deberá ser acreditada mediante certificación expedida polas Colexiadas das comarcas correspondentes.
- d. Declaración expresa de suxeición aos principios, programa, estatutos e normas de desenvolvemento de EU.
- e. Elementos e criterios definitorios da Corrente de Opinión, ou expresión de calquera outra circunstancia constitutiva da Corrente.

Para a constitución dunha Corrente de carácter estable en EU, cuxo recoñecemento exista a nivel federal unicamente deberá achegar na súa solicitude os requisitos anteriormente establecidos nos puntos b. e c.

Para un determinado tema poderanse constituír Correntes de Opinión Puntuais, que, para acadar o seu recoñecemento, deberán obter o apoio expreso de, cando menos, o 10% dos membros do Consello Político Nacional.

Art. 45. Procedemento para o recoñecemento

As Correntes de Opinión que comuniquen a súa constitución e reúnan os requisitos fixados, obterán o recoñecemento como tales.

Unha vez recibida a solicitude de recoñecemento pola Comisión Colexiada Nacional, e previo informe do Secretario/a de Organización, será comunicada ó CPN no prazo máximo de tres meses, desde a solicitude, para a ratificación do recoñecemento.

A Comisión Colexiada, no caso de observar o incumprimento dalgún dos requisitos esixidos, comunicará aos seus promotores no prazo dun mes desde a recepción da solicitude os aspectos que deben ser corrixidos para obter o recoñecemento. De igual forma, procederase coas Correntes de Opinión xa recoñecidas, cando se observen incumprimentos dalgún dos requisitos esixidos.

Art. 46. Dereitos e deberes das Correntes de Opinión

Durante as fases de debate, terán plena capacidade de expresión pública e, sen menoscabo do cumprimento da política de EU e dos presentes Estatutos, poderán defender internamente as súas posicións en calquera momento, sempre que se reúnan as seguintes condicións:

- a. Respetar a unidade, principios, Estatutos e programa de EU.
- b. Respetar os acordos tomados democraticamente polos órganos correspondentes, previos os oportunos debates, e non combatelos ou cuestionalos publicamente, podendo amosar as súas discrepancias cos mesmos, en todo caso, sen cuestionar a súa lexitimidade nin organizar campañas en contra dos mesmos.
- c. No funcionamento das Correntes de Opinión respectarase o debate aberto e democrático, non debendo establecerse disciplina de voto, nin expresarse esta por medio de voceiros no interior dos órganos de EU.

As Correntes de Opinión non poderán combater ou cuestionar publicamente as políticas e os acordos firmes dos órganos.

Art. 47. Funcionamento das Correntes de Opinión

As Correntes de Opinión deberán ter en conta, no seu funcionamento, as seguintes limitacións:

- a. Que a opinión pública de EU é transmitida polas persoas autorizadas da Organización e avaliadas pola denominación “EU” e dos seus emblemas, como a expresión gráfica da organización no seu conxunto.

- b. Para iso, en todas as expresións gráficas producidas polas Correntes (documentos, actos) deben reflectirse con total nitidez a denominación da Corrente, de forma que quede claro ante a sociedade que é a expresión da mesma, e sen que poida confundirse coa expresión global do conxunto da organización de EU.

As Correntes que se configuren en EU terán presente, na súa actividade, que os Órganos de Dirección de EU son os únicos representantes de toda a federación e, por iso, encárganse de desenvolver as seguintes funcións:

- a. Relacións con institucións ou organismos do Estado español, ou doutros Estados de calquera clase ou nivel.
- b. Relacións con organizacións de carácter económico, social, ou político, tanto a nivel internacional, nacional, autonómico ou local.

Art. 48. Financiamento e medios das correntes de opinión

EU axudará financeiramente, na medida das súas posibilidades, ao desenvolvemento de actividades das Correntes, unha vez cubertas e garantidas as necesidades da Organización Nacional no seu conxunto. Especialmente, facilitaráselles o acceso aos medios de comunicación e publicacións nacionais, garantíndolles a súa capacidade de expresión pública. Estas axudas serán solicitadas aos Órganos de Dirección correspondentes, mediante a presentación das oportunas propostas razoadas. As axudas serán xestionadas pola Administración de EU, co fin de cumprir os requisitos legais, en canto a administración e contabilidade, das formacións políticas.

Estas actividades deberán ir encamiñadas ao desenvolvemento e enriquecemento teórico de Esquerda Unida no seu conxunto.

As Correntes poderán utilizar para as súas reunións os locais de EU, previa petición e conformidade correspondente, sempre que non interfiran a actividade cotiá de EU nese ámbito.

As Correntes de Opinión, como parte da estrutura de EU, non poden ter soberanía xurídica nin, por tanto, patrimonio propio.

Art. 49. Revogación do recoñecemento e disolución dunha Corrente de Opinión

No caso de incumprimentos graves e reiterados dos principios que as regulan, o Consello Político Nacional poderá revocar o recoñecemento dunha Corrente de Opinión,.

A disolución dunha Corrente de Opinión, configurada no seo de EU, deberase comunicar ó Consello Político Nacional tan pronto como esta acorde a súa disolución.

As Correntes de Opinión Puntuais, unha vez pronunciada o Consello Político Nacional sobre o debate que dera orixe a unha Corrente de Opinión relativa a un tema puntual, esta quedará automaticamente disolta.

CAPÍTULO IV. DAS REDES DE ACTIVISTAS, PARTICIPACIÓN E TOMA DE DECISIONS COLECTIVAS

Art. 50. As Redes de activistas, participación e toma de decisións colectivas

Esquerda Unida estará dotada de redes de activistas que garantiren a participación e toma de decisión colectiva, onde se poden inscribir as persoas afiliadas.

As redes de activistas son espazos de traballo colectivo, de xeneración e de intervención nos conflitos. En elas xenérase e concrétase a nosa capacidade de acción e de intervención, teñen que ser espazos que trascendan á propia Esquerda Unida. Para que as redes de activistas sexan a xerme da nosa construción como Movemento Político e Social hai que sacalas dos conflitos interiorizados.

A organización das redes deben asegurar:

A participación das persoas afiliadas a EU, das persoas simpatizantes e dos colectivos e persoas interesadas en colaborar con EU na elaboración colectiva.

A coordinación das redes do propio ámbito e do conxunto das redes entre si, para asegurar o proceso de elaboración colectiva en EU, así como coas redes federais.

A participación e colaboración coas Asembleas de base.

A comunicación, organización e coordinación da acción política cos movementos e organizacións do espazo da rede que compartan proxecto e obxectivos transformadores con EU.

A necesaria coordinación entre as redes, a Dirección de EU e os cargos públicos pertinentes en cada caso.

Art. 51. Funcións das Redes

Son funcións das Redes:

Asesoramento técnico e político, en base ás posibilidades humanas e técnicas de cada rede.

Elaboración da proposta de programas de goberno nos ámbitos nacional e municipal.

Asegurar a elaboración colectiva e contacto cos movementos sociais, así como impulsar a mobilización para loitar polas necesidades concretas da sociedade.

Art. 52. Dereitos das Redes

Ser consultadas acerca das iniciativas e decisións que EU vaia a propoñer e/ou levar a cabo no tocante ás temáticas relativas a cada área programática.

Ser consultadas na redacción programática.

Ser informadas de toda a actividade legislativa ou de goberno exercida polos nosos representantes públicos.

Propoñer intervencións concretas en conflitos que se produzan no seu ámbito de actuación"

Art. 53. Determinación das Redes

O Consello Político Nacional e/ou a Comisión Colexiada Nacional no primeiro ano de mandato dotarase dun plan de dinamización e estruturación de redes a partir da identificación das necesidades, prioridades e recursos de orde político-organizativo da federación. Este plan determinará o mapa de redes de activistas a constituír en Esquerda Unida tomando como referencia o marco federal

Existirá unha persoa ou persoas responsables da coordinación de redes que formará parte do CPN, esta será escollida entre as persoas Coordinadoras das redes nacionais sempre que estean constituídas tres ou máis Redes a nivel nacional e que teñan actividade.

Art. 54. Creación das Redes

O CPN establecerá o ámbito territorial de funcionamento das diferentes áreas e redes constituídas a nivel nacional.

No caso de que haxa polo menos 3 persoas afiliadas de dito ámbito territorial, que soliciten constituír unha rede das establecidas estatutariamente, as súas respectivas Colexiadas. Terán que convocar un pleno de rede de constitución nun prazo de 30 días. En dito pleno de constitución elixirase unha persoa Coordinadora da rede, ou varias persoas Co-coordinadoras, que deberán ser afiliadas a EU.

As redes poderanse inscribir á afiliación a EU, como forma de relacionarse, informarse e participar na elaboración colectiva, así como as persoas non afiliadas a EU que desexen participar nunha rede de activistas. Recomendarase que dean o paso a ser simpatizantes rexistradas/os.

Art. 55. Criterios de funcionamento das Redes de activistas

As redes de activistas funcionarán de forma asemblearia e utilizando o consenso como forma fundamental de funcionamento interno. Dotaranse de mecanismos organizativos que garantan o seu carácter aberto, flexible e a participación máis aberta e ampla posible das persoas adscritas e das persoas, organizacións ou colectivos interesados en colaborar con elas.

Dos mecanismos de organización da área darán conta á persoa Coordinadora de rede.

A periodicidade destas reunións será como mínimo cuatrimestral e serán convocadas pola persoa ou persoas que Coordinan a rede ou pola que Coordinan o conxunto das redes.

As redes dotaranse dun mecanismo de comunicación, información e promoción das súas actividades entre a súa afiliación e simpatizantes. Ditos mecanismos só os poderán dirixir persoas afiliadas a EU.

Cada rede desenvolverá a política sectorial ou transversal de EU nos seus ámbitos respectivos, e impulsará as iniciativas que, no marco das propostas programáticas de EU estimen convenientes, en coordinación cos diferentes órganos.

As persoas responsables das áreas do ámbito da Agrupación de Base integraranse na Colexiada de Base onde terán voz e voto.

Anualmente, e por parte das persoas Coordinadoras de redes, nos distintos niveis onde haxa redes constituídas, presentarase un informe de actividades nunha Asemblea aberta. No caso do nivel Nacional presentarase ó CPN.

Os materiais elaborados polas redes serán difundidos o máis amplamente posible entre as bases, os órganos de Dirección e a sociedade.

As redes teñen a capacidade para elaborar resolucións que deberán ser contestadas polo órgano ao que sexan dirixidas nun prazo non superior a 60 días, salvo que estatutariamente dito órgano non tivera que reunirse.

Art. 56. Financiamento e recursos

As Colexiadas asignarán ás respectivas redes de activistas os recursos que se estimen necesarios para o desenvolvemento das súas políticas no seu ámbito.

A tal fin, a Coordinación de redes propondrá uns orzamentos anuais fixados de forma colectiva entre todas as redes, que serán presentados á Colexiada correspondente para a súa aprobación.

As redes poderán acceder aos recursos técnico-administrativos dos seus respectivos ámbitos territoriais.

Art. 57. Coordinación entre as áreas

A Coordinación de redes, nos distintos niveis, garantirá a coordinación das iniciativas e traballos das redes, a fin de que se impliquen na política global e sectorial definida nas Asembleas e órganos de Dirección de EU, e se eviten contradicións nas elaboracións das distintas áreas.

O mecanismo de decisión e/ou acordo nas áreas e redes, basearase no principio de consenso. Só cando non houbera acordo, procederase a unha votación, que será indicativa no suposto de que deberá ser trasladada ao órgano competente. A súas reunións terán carácter periódico e serán convocadas pola Coordinación Nacional de redes.

Art. 58. Coordinación das redes cos Órganos de Dirección Política e Representantes de EU nas Institucións.

No ámbito de funcionamento da rede, a coordinación realizarase tendo en conta os seguintes aspectos:

A relación das redes coa Comisión Colexiada, de existir no ámbito territorial realizarase pola persoa Coordinadora de redes de dito ámbito.

A Coordinación de redes reunirse cando sexa necesario, coas redes para o exame e impulso do seu traballo como mínimo e aproveitando as novas ferramentas tecnolóxicas esta reunión celebrarase unha vez cada tres meses.

Polo menos, e para os distintos niveis orgánicos de EU, celebrarase de forma ordinaria unha reunión anual entre a representación institucional de EU, as redes de activistas constituídas e a Coordinación de redes para información, avaliación e planificación de iniciativas.

Cando os Grupos Políticos traten temas importantes, relacionados con elaboración ou actividades das redes ou con propostas políticas de EU, será de obrigado cumprimento o debate e acordo coa rede correspondente con carácter previo á súa presentación institucional, cando o calendario así o permita.

Os cargos públicos de EU responsables da posta en práctica do noso programa e a xestión na administración, están obrigados a render contas anualmente ante as redes de activistas correspondentes ao ámbito que xestionan.

No caso de discrepancias entre propostas programáticas ou elaboración das redes e propostas institucionais dos Grupos Parlamentarios, a Comisión Colexiada Nacional sobre temas en litixio tomará as decisións pertinentes, traspasando a última decisión ó Consello Político Nacional, se a cuestión é

relevante. A dito debate convidarase á representación institucional e as persoas Coordinadoras das redes correspondentes.

TÍTULO IV. DAS ASEMBLEAS E ÓRGANOS DE EU E A SÚA ESTRUCTURA

CAPÍTULO I. NORMAS E FUNCIONAMENTO DEMOCRÁTICO DAS ASEMBLEAS E ÓRGANOS DE EU

Art. 59. Normas de funcionamento

As reunións das asembleas e órganos convocarase por escrito indicando a data, hora e lugar de celebración, así como a orde do día.

Deberá ser remitida polo órgano correspondente aos membros da asemblea ou órgano polo menos con 5 días de antelación a celebración da reunión salvo no caso en que exista unha situación de urxencia, no que será como norma xeral, de 24 horas. Nos casos de ser inferior, será condición necesaria contar cun quorum do 50% + 1 do órgano. Nestes casos a urxencia das mesmas deberá ser motivada e sometida a ratificación ó comezo da reunión.

A documentación que vaia ser empregada na reunión será remitida polo menos con 48 horas de antelación, salvo na situación de urxencia, na que se remitirá xunto coa convocatoria.

Para incluír un punto na orde do día unha vez convocada a xuntanza será necesaria a solicitude por escrito ao órgano convocante, con polo menos 72 horas de antelación. Está petición deberá vir avalada por un 25% dos membros do órgano ou asemblea convocados. Cada membro dun mesmo órgano ou asemblea só poderá facer uso desta facultade unha vez ao ano.

Senón houbese quórum á hora fixada na convocatoria para o inicio da reunión da asemblea ou órgano convocado (a metade máis un dos membros), esta poderá comezar validamente quince minutos máis tarde cos membros presentes.

A reunión será dirixida por una mesa, designada entre as persoas presentes polo órgano convocante, que levantará acta da reunión onde indicará as persoas presentes, as persoas que interveñen, os resultados das votacións efectuadas, os acordos adoptados así como a hora de inicio e finalización da sesión.

Todas as votacións serán a man alzada excepto as correspondentes á elaboración de listas para cargos orgánicos ou públicos, que serán realizados por voto segredo se algún militante o solicita. Salvo o indicado nos presentes Estatutos, os acordos serán adoptados por maioría simple dos presentes na reunión.

Poderanse celebrar reunións extraordinarias dos órganos ou asembleas cando así o solicite un 25% dos membros con dereito a voto. A orde do día da reunión será única e exclusivamente a que soliciten as persoas que a demandan.

O prazo para convocar e celebrar esta reunión non será superior a 30 días desde a recepción da petición. Se transcorrido ese prazo a reunión non foi convocada e realizada, as persoas que a demandan poderán acudir ao amparo da instancia inmediatamente superior, que deberá proceder a convocar e realizar a reunión nun prazo non superior a 30 días desde a recepción da petición.

Ningunha persoa poderán asinar máis de dúas peticións deste tipo ao ano para un mesmo órgano ou asemblea.

Todas as persoas afiliadas a EU teñen o dereito a impugnar os acordos dos órganos de representación e de dirección de EU que estimen contrarios ós Estatutos ou á Lei, tanto no ámbito interno como ante as instancias xudiciais unha vez finalizado o proceso interno.

A impugnación dos acordos e actuacións por incumprimento de Estatutos debe realizarse no prazo do mes seguinte ó da súa publicación ou remisión á afiliación, instando a súa rectificación ou anulación e suspensión cautelar no seu caso.

As impugnacións dos acordos e das actuacións materializaranse mediante a presentación dos recursos ordinarios e de revisión establecidos nos parágrafos seguintes. Os recursos haberán de ser subscritos por persoas afiliadas plenamente identificadas, sexa en nome propio ou en representación doutras persoas afiliadas.

Os acordos e actuacións dos órganos de representación e de dirección das asembleas de base, locais e comarcais poderán ser recorridos ante o Consello Político Nacional, que poderá delegar a súa resolución na Comisión Colexiada Nacional.

Os acordos e actuacións do Consello Político Nacional poderán ser impugnados mediante a presentación dun recurso de revisión ante o devandito órgano.

A resolución do recurso debe realizarse na primeira reunión posterior á recepción da impugnación que o órgano competente celebre (sempre que dita impugnación preséntese polo menos con sete días de antelación da reunión do órgano, se non se tratará na seguinte reunión), declarando a súa inadmisión, ou estimando en todo ou en parte, ou desestimando as alegacións e as solicitudes formuladas. Se entre estas estivese a suspensión preventiva, esta resolverase no prazo de 5 días hábiles.

Os acordos e actuacións do Consello Político Nacional e as resolucións dos recursos xa sexan ordinarios ou de revisión, poderán ser recorridos ante a Comisión Nacional de Arbitraje e Garantías Democráticas de Esquerda Unida.

CAPÍTULO II. ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN. ESTRUCTURA

Art. 60. As estruturas

A afiliación de EU estrutúrase en organizacións de base que son as asembleas locais e as agrupacións comarcais e sobre redes de activistas, sendo os seus órganos de funcionamento democrático os Plenos das Asembleas, as Colexiadas e a Comisións Nacional Colexiada. O máximo órgano de representación é a Asemblea Nacional e, entre períodos asemblearios o Consello Político Nacional.

Art. 61. Órganos de coordinación e dirección das estruturas

1.- Órganos de dirección local:

- a) Asemblea Local
- b) Colexiada Local

2.- Órganos de dirección comarcal:

- a) Asemblea Comarcal
- b) Colexiada Comarcal

3.- Órganos de dirección nacional

- a) Asemblea Nacional de EU
- b) Consello Político Nacional de EU
- c) Comisión Colexiada Nacional de EU
- d) Coordinación Nacional

4.- Órganos de control democrático:

- a) A Comisión Nacional de Arbitraje e Garantías Democráticas.
- b) A Comisión Nacional de Control Financeiro

Art. 62. Principios xerais que rexen os órganos de coordinación e dirección

a.-Os órganos de dirección de EU rexeranse sempre polos principios reitores enunciados na definición dos principios de EU.

b.-Os membros dos órganos de dirección e de coordinación de EU de carácter executivo e da Comisión Colexiada están obrigados a asistir ás súas sesións de tal modo que, no caso de tres ausencias non xustificadas, causarán baixa automática en ditos órganos.

c.-Un 40% da afiliación de EU de ese ámbito ou un 40% dos membros do órgano superior poderán promover un referendo revogatorio dun membro dos órganos de base ou nacionais. O referendo só se poderá convocar unha vez transcorrido 1 ano do mandato do órgano. Se a persoa supera o revogatorio non se poderá solicitar outro referendo contra a mesma persoa no prazo de dous anos.

d.-Todos os niveis de Esquerda Unida (local, comarcal e nacional) dotarase dunha asemblea anual de rendición de contas e planificación do traballo como expresión máxima do control democrático na organización. Esta será convocada baixo fórmulas que garantan a vinculación e participación do entorno político e social e terá como obxecto a discusión do plan de acción e balance anual do traballo.

Art. 63. Procedemento de elaboración de candidaturas para cargos ou órganos internos de EU

Para a composición de candidaturas teranse sempre en conta os principios de EU. O procedemento de elección será sempre por sufraxio universal. Os órganos convocantes determinarán nas súas normas a fórmula adecuada seguindo os seguintes criterios:

1.-Candidaturas de consenso

a.-Todas as persoas e órganos que participen nos procesos terán a obriga de intentar alcanzar o consenso para a súa aprobación.

b.-A candidatura definitiva deberá ser paritaria e cremalleira como acordo de mínimos, podendo compoñer a mesma unha proporción maior de representación de mulleres como acción positiva en favor dunha maior participación política e tenderá a incluír, como mínimo, a un 20% de mozos menores de 31 anos. Esta porcentaxe deberase cumprir en tramos de cinco.

2.-Candidaturas sen consenso:

a.-No suposto de que non se conseguira unha candidatura de consenso, poderá presentar candidatura quen reúna un mínimo do 2% de avais entre afiliadas o afiliados no censo AC ou 5% do total de membros do órgano convocante no momento do peche do censo. As candidaturas presentadas deberán respectar os criterios establecidos no apartado anterior de idade e xénero, que deberán cumprirse tanto no conxunto da lista presentada como nos seus sucesivos tramos de cinco.

b.-As candidaturas serán pechadas e bloqueadas e non necesariamente completas.

c.-Os postos a elixir asignaranse polo sistema proporcional puro. No caso de restos, adxudicarse á lista co resto maior, e no caso de igual número de votos, adxudicarse por sorteo.

d.-Na composición de órganos ou delegacións que se presenten varias candidaturas, non se aceptará ningunha candidatura cuxa composición non sexa paritaria, tendo que estar composta por mulleres polo menos en todos os postos pares ou impares de ditas candidaturas como acordo de mínimos, podendo compoñer a mesma unha proporción maior de representación de mulleres como acción positiva en favor dunha maior participación política.

CAPÍTULO III. DAS ASEMBLEAS DE BASE DE EU

Art. 64. Definición e organización

As asembleas de base serán a local e a comarcal

As asembleas de base constituiranse garantindo un mínimo funcionamento organizativo e de actividade política, partindo da afiliación dun mínimo de 5 persoas.

As Asembleas de Base serán responsables do cumprimento das obrigas das persoas afiliadas, así como de garantir a súa participación nas tarefas de EU.

Art. 65. Do funcionamento das Asembleas de base

Os órganos da Asemblea de Base son como mínimo o Pleno da Asemblea, Colexiada comarcal ou local cuxo número será fixado por decisión do Pleno, e así mesmo tamén serán órgano de dirección a persoa ou persoas Coordinadoras. A Colexiada de base elixirá entre os seus membros á persoa ou persoas Coordinadoras. Así mesmo deberá nomear como mínimo a unha persoa Responsable de Organización, a unha persoa Responsable Municipal e a unha Responsable de Comunicación a proposta da persoa ou persoas Coordinadoras.

O Pleno da asemblea de base é o encargado da definición e avaliación da liña política e estratéxica de EU no seu ámbito. Será a estrutura organizativa e política que elixirá a candidatura ás eleccións municipais.

Art. 66. O Pleno da Asemblea de Base

A Colexiada Local ou Comarcal é o órgano executivo no seu nivel territorial. É o encargado da execución dos acordos do pleno da asemblea e a coordinación do conxunto da actividade de EU no seu ámbito. A Colexiada local ou comarcal elixirá de entre as e os seus membros a unha/s persoa/s para exercer as funcións de coordinación do órgano e/ou de representación política pública, ademais de servir como enlace coas restantes estruturas de EU.

A representación municipal deberá de render conta periodicamente ante a Asemblea e os seus órganos, traballando baixo a coordinación política da Colexiada de base. Para este fin unha representación dos membros de EU en Grupos Municipais se incorporarán como convidado/s permanente/s (con voz e sen voto) na Colexiada de base. A cota de participación será definida pola asemblea.

O Pleno da asemblea de base é o encargado da definición e avaliación da liña política e estratéxica de EU no seu ámbito.

a) O Pleno da Asemblea de Base será convocado pola Colexiada de Base, de forma ordinaria, polo menos cada dous meses e, de forma extraordinaria, cantas veces fose necesario.

No suposto de que no seu ámbito exista grupo municipal de EU, o Pleno da Asemblea poderá decidir reunirse, sempre que sexa posible, antes da celebración dos plenos municipais para fixar o sentido do voto do seu grupo.

b) O Pleno da Asemblea de Base o compoñen as persoas afiliadas de dita Asemblea e, salvo nos casos que se exceptúan nestes Estatutos, poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, xa sexan simpatizantes e membros de organizacións sociais, veciñais, sindicais, etc.

c) O Pleno da Asemblea de base elixirá ao órgano executivo da asemblea que é a Colexiada de base por un período de dous anos.

d) Será a estrutura organizativa e política que elixirá a candidatura ás eleccións municipais. Os membros do grupo municipal resultante deberá render contas periodicamente ante dita Asemblea e os seus órganos, traballando baixo a coordinación política da coordinación de base

e) Unha vez constituída a Colexiada de base e, na primeira reunión, elixirán á persoa Coordinadora de entre os seus membros, que presidirá as reunións do Pleno e da Colexiada de base, impulsando e coordinando o traballo dos mesmos e representará a EU no ámbito municipal.

f) A convocatoria e o funcionamento do Pleno da Asemblea de Base será o que se establece no artigo 59 destes Estatutos.

g) As asembleas de base teñen capacidade para elaborar resolucións que deberán ser contestadas polo órgano ao que son dirixidas na súa primeira reunión ou nun prazo non superior a 30 días hábiles.

Art. 67. Asembleas Abertas e Internas

As asembleas poden funcionar a dous niveis:

1. Abertas: coa máis ampla participación de simpatizantes e membros de organización sociais, sindicais, ecoloxistas, veciñais, etc. Tenderase a que sexa a forma mais frecuente, cos seguintes contidos:

- Explicar e debater as liñas políticas e programáticas xerais ou puntuais de EU
- Recoller opinións e someter a debate propostas programáticas e de acción.
- Preparar mobilización
- Conectar coas redes impulsando un traballo común.

2. Internas: na que participan de forma exclusiva as persoas afiliadas cunha antigüidade de dous meses en situación de activo.

- A designación de órganos de dirección e outras decisión organizativas que lle afecten.
- Debate e elaboración dos plans de traballo e debate e aprobación das avaliacións.
- Coñecer os censos de altas e baixas da afiliación, os estados de contas da organización, discutir e elevar as emendas e propostas aos informes e documentos dos órganos superiores.
- Coñecer o censo de altas e baixas de simpatizantes
- Ratificar a candidatura para as eleccións municipais.
- Propoñer e elixir as persoas de EU para ser integradas nas candidaturas de procesos de converxencia.
- Aprobar o programa ás eleccións municipais
- Aprobar as alianzas con outras forzas políticas do ámbito municipal en consonancia coa política de alianzas aprobada polo Consello Político Nacional de EU.
- Elixir aos representantes da Asemblea noutros ámbitos superiores orgánicos
- Presentación de informes de xestión por parte dos cargos públicos e debate sobre aqueles.
- Realizar referendos revogatorios á Coordinadora de Base ou a algún membro do órgano, sempre e cando cumpra cos requisitos necesarios.

Art. 68. Da Colexiada de Base

A Colexiada de Base poderá ser local ou comarcal e será elixida polo pleno da Asemblea de base.

Serán membros natos das Colexiadas de Base locais e comarcais con dereito a voz e voto as persoas Coordinadoras das distintas redes constituídas no seu ámbito territorial así como unha persoa en representación dos partidos e organizacións integrantes de Esquerda Unida que cumpran os requisitos establecidos nos presentes Estatutos.

Son funcións da Colexiada de Base:

- a) Elixir, na súa primeira reunión, a persoa responsable da Coordinación da Asemblea de Base, quen ostentará a representación da Dirección Executiva así como da Asemblea de Base.
- b) Determinar a necesidade de constituír ou non unha Comisión Colexiada e, de selo, definir a composición da mesma.
- c) Velar pola execución dos acordos emanados da Asemblea Nacional de EU e os adoptados para o seu ámbito pola Asemblea de base.
- d) Propor ao CPN a integración na organización de grupos organizados.
- e) Elaborar, para o seu sometemento á Asemblea de base, os programas electorais xerais para as eleccións municipais.
- f) Presentar ao CPN as candidaturas ás eleccións municipais dos municipios do seu ámbito
- g) Calquera outra que lle atribúan os Estatutos ou a carta financeira.

A Colexiada de base, xa sexa local ou comarcal, reunirse como mínimo unha vez ao mes debidamente convocada en tempo, forma e coa pertinente orde do día".

SECCIÓN I. DAS ASEMBLEAS LOCAIS

Art. 69. Das asembleas locais

A Asemblea Local é unha das organizacións de base e é a estrutura básica de EU, agrupando á afiliación dun concello e promovendo o traballo político da afiliación. Ten no seu caso autonomía para fixar a política no ámbito municipal dentro das liñas establecidas pola Asemblea de EU e polo CPN, formulando propostas e iniciativas que deberá facer chegar ao órgano de Dirección Comarcal e Nacional naqueles asuntos que vaian máis aló do ámbito estritamente local.

Poderanse constituír asembleas de ámbito inferior ao municipio como asembleas de barrio ou de centro de traballo no ámbito dos concellos, que dependerán organicamente das Asembleas Locais.

Considerará formalmente constituída unha Asemblea Local cando as persoas afiliadas dun concello, formalicen a súa vontade de constituírse nunha asemblea local cunha acta de constitución que unha vez entregada ao Responsable de Organización de EU e comunicado ao CPN conte coa autorización deste órgano para a súa creación.

Art. 70. Requisitos das asembleas locais

Para constituír unha Asemblea Local será preciso garantir un mínimo funcionamento organizativo e de actividade política, e para elo contar cun número inicial de 5 persoas afiliadas.

Art. 71. Dos grupos locais

No caso de que nun concello non exista asemblea local, ou non poida constituírse, considerarase como Agrupación de Base a efectos de afiliación, a Asemblea Comarcal.

As persoas afiliadas a unha organización comarcal dun mesmo concello onde non exista asemblea local, para participar nas decisións relativas aos seus concellos e só a eles, poderán realizar reunións e formular propostas e iniciativas que, en todo caso, deberán ser aprobadas pola Coordinadora Comarcal correspondente.

SECCIÓN II. ESTRUTURA COMARCAL

Art. 72. Estrutura Comarcal de Esquerda Unida

As agrupacións comarcais son outra das organizacións de base, agrupan as Asembleas Locais de EU seguindo a distribución territorial comarcal da Xunta de Galicia. O Consello Político Nacional poderá variar esta distribución territorial, previo acordo das Colexiadas comarcais implicadas.

As Agrupacións comarcais poderán incorporar ás persoas afiliadas daquelas comarcas limítrofes onde non se reúnan as condicións para crear agrupación comarcal de acordo co requisito establecido no Artigo 64, seguindo os criterios do Consello Político Nacional.

O Consello Político Nacional poderá aprobar a fusión de Agrupacións comarcais, a proposta das Colexiadas Comarcais afectadas. O acordo levará consigo o cambio de denominación comarcal que incluírá ás comarcas afectadas separadas por guión.

Todos os concellos de Galicia estarán adscritos a unha estrutura comarcal.

Será competencia do Consello Político Nacional adscribir os concellos de Galicia ás diferentes estruturas comarcais.

Art. 73. Requisitos para a constitución dunha agrupación comarcal

Como regra xeral será requisito para a constitución dunha agrupación comarcal que estea constituída cando menos por unha asemblea local no ámbito da comarca. Excepcionalmente o Consello Político Nacional poderá decidir a constitución dunha agrupación comarcal inda que non exista una asemblea local no ámbito desa agrupación comarcal.

Art. 74. Recoñecemento das agrupacións locais e comarcais

Corresponde ó Consello Político Nacional de EU autorizar, en última instancia, a creación de asembleas locais e agrupacións comarcais.

Corresponde ó Consello Político Nacional de EU autorizar, en última instancia, a fusión ou división das actuais e a súa incardinación comarcal, ouvidos as Colexiadas de base afectadas.

Art. 75. Da disolución das organizacións de base

No caso de que unha organización de base se sitúe na marxe da política de EU, as direccións inmediatamente superiores arbitrarán os mecanismos políticos e organizativos necesarios por reconducila ao marco político de EU.

En casos de interese xeral para EU, o Consello Político Nacional poderá acordar a disolución dunha organización de base por maioría de 2/3.

É imprescindible que a reunión do órgano conteña este punto da orde do día na convocatoria.

CAPÍTULO IV. DOS ÓRGANOS NACIONAIS DE ESQUERDA UNIDA

SECCIÓN I. DA ASEMBLEA NACIONAL DE EU

Art. 76. Carácter da Asemblea

A Asemblea Nacional é o máximo órgano de EU e nel defínese a súa política xeral. A súas decisións vinculan a todas as organizacións de EU de acordo cos presentes Estatutos.

Art. 77. Convocatoria

A Asemblea Nacional de EU reunirse, ordinariamente, cada catro anos. Será convocada e organizada polo Consello Político Nacional, cunha antelación mínima de tres meses, que aprobará a data, as normas, regulamento, calendario, metodoloxía, estrutura dos documentos a debate e número de delegados e delegadas.

A Asemblea Nacional de EU reunirse, de forma extraordinaria:

- a.-Cando sexa solicitada por cando menos 3/5 dos membros presentes do Consello Político Nacional.
- b.-Cando sexa solicitada por un número de Coordinadoras Comarcais que representen máis do 50% da Afiliación.
- c.-Todas aquelas previstas nestes estatutos.

Art. 78. Funcións da Asemblea Nacional de EU

- a.-Aprobar os estatutos e as liñas programáticas e políticas de EU que rexerán entre Asembleas.
- b.-Aprobar o número de membros que comporá o Consello Político Nacional a proposta do saínte, sen prexuízo dos membros natos.
- c.-Elixir aos membros da Comisión de Arbitraje e Garantías Democráticas e da Comisión de Control Financeiro.
- d.- Elixir os membros do Consello Político Nacional, así como suplentes para dito órgano.
- e.-Analizar e decidir sobre o informe de xestión, que deberá ser presentado polo Consello Político Nacional.
- f.-Aprobar a proposta de modificación dos Estatutos si a houbese.

Art. 79. Composición da Asemblea Nacional de EU:

Na Asemblea Nacional de Esquerda Unida participa o conxunto de persoas adscritas a EU. Articúlase mediante un proceso que se inicia coa celebración de asembleas de base e finaliza cunha asemblea de delegadas e delegados coa seguinte composición:

- a) As e os membros da Comisión Colexiada de Esquerda Unida.
- b) Unha representación dos partidos e organizacións integrantes de Esquerda Unida nunca superior ao 10% das delegadas e delegados totais da asemblea. O reparto farase proporcionalmente en función do número de afiliadas e afiliados en EU.
- c) O resto das e dos delegadas nun porcentaxe nunca menor do 80% en representación das asembleas locais e comarcais de Esquerda Unida, elixidas e elixidos segundo criterios de proporcionalidade, representatividade, paridade e adecuación.

Art. 80. Dos acordos da Asemblea Nacional de EU

Os acordos adoptados na Asemblea Nacional deberán ser publicados e distribuídos ao conxunto da organización nun prazo máximo de catro meses e difundidos na páxina Web de EU.

Unha vez celebrada a Asemblea Nacional establécese un prazo de catro meses para a renovación dos órganos de dirección das Asembleas de base.

SECCIÓN II. DO CONSELLO POLÍTICO NACIONAL DE EU

O Consello Político Nacional de EU é o máximo órgano de dirección de EU entre Asembleas Nacionais

Art. 81. Competencias do Consello Político Nacional

- a.-Organizar e convocar a Asemblea Nacional.
- b.-Propoñer as persoas que integrarán a Mesa da Asemblea Nacional.
- c.-Elixir na súa primeira reunión á persoa Coordinadora Nacional proposta polos membros do Consello Político Nacional elixidos pola Asemblea Nacional de EU.
- d.-Aprobar a proposta de Comisión Colexiada Nacional que realice a persoa Coordinadora Nacional.
- e.-Coordinar a política institucional de EU.
- f.-Dirixir o traballo político de EU mediante a elaboración de plans de traballo anuais.
- g.-Ratificar as substitucións das persoas que causen baixa como membros no seu seo e que deben ser comunicadas pola Secretaría de Organización. Estas efectuaranse seguindo a orde de suplentes en cada candidatura presentada.
- h.-Elixir a persoa Coordinadora Nacional en caso de quedar vacante no período entre Asembleas.
- i.-Establecer as liñas xerais de actuación do Grupo Parlamentario autonómico. Recibir, debater e aprobar, no seu caso, os informes destes acerca da súa actuación institucional.
- j.-Aprobar o sometemento a referendo daquelas cuestións de competencia de EU que se consideren de interese, fixando as normas que rexerán o mesmo e articular os procesos de participación directa da militancia.
- k.-Debater e aprobar ou rexeitar os informes e os plans de traballo e avaliacións que presente en nome da persoa Coordinadora Nacional.
- l.-Debater e aprobar ou rexeitar a incorporación de organización políticas en EU.
- m.-Debater e aprobar as coalicións electorais para os procesos electorais de ámbito autonómico
- n.-Aprobar os cambios de denominación e símbolos de EU.
- ñ.-Aprobar a constitución das correntes de opinión que sexan recoñecidas como tales.
- o.-Aprobar a constitución de redes de activistas.
- p.-Aprobar o orzamento de EU, así como as contas anuais consolidadas que serán remitidas a IU Federal.
- q.-Cubrir as vacantes que se produzan na Comisión Nacional de Arbitraje e Garantías Democráticas.
- r.-Recibir as rendicións de contas de ingresos e gastos das organización de EU.

s.-A aprobación dos programas electorais para as eleccións autonómicas e fixación do calendario de selección e aprobación das candidaturas.

t.-Elixir, de acordo con criterios de pluralidade, representatividade e equilibrio entre sexos aos representantes de EU na Coordinadora Federal de IU.

u.-Aprobará, se procede, a realización de convencións provinciais antes das eleccións autonómicas ou xerais, mandando ás direccións das comarcas de cada provincia para a súa organización.

Art. 82. Reunións

A Comisión Colexiada Nacional convocará o Consello Político Nacional un mínimo de cinco veces ao ano, con carácter ordinario. Con carácter extraordinario poderá reunirse cando o solicite a Comisión Colexiada Nacional ou o solicite polo menos 1/3 dos seus membros, celebrándose a reunión do Consello Político Nacional nun prazo non superior a 20 días contados a partir de a petición de convocatoria.

Art. 83. Convocatoria

A convocatoria deberá ser remitida por correo electrónico polo menos con cinco días de antelación aos membros do CPN e deberá conter a orde do día.

Os documentos de debate necesarios para garantir a máxima participación deberán ser facilitados antes de 48 horas da celebración do CPN.

Excepcionalmente, e por motivos de urxencia, a Comisión Colexiada Nacional poderá convocar ó Consello Político Nacional extraordinario como norma xeral con 24 horas de antelación. Nos casos de ser inferior, será condición necesaria contar cun quorum do 50% + 1 do órgano

Nestes casos o primeiro punto do día será a ratificación do carácter urxente da convocatoria.

Art. 84. Composición

Poderán asistir con voz e voto

- a) As persoas electas na Asemblea Nacional
- b) As persoas Coordinadoras Comarcais.
- c) A persoa Coordinadora Nacional de redes de activistas
- d) Dúas persoas por partido e unha por organización e corrente constituída en Esquerda Unida.

Poderán asistir con voz, e voto as persoas Coordinadoras das redes que estean debidamente constituídas e que estean activas cando o seu número non sexa máis de dúas. No caso de que sexan mais de dúas estarán representadas na Comisión Executiva Nacional pola persoa Coordinadora Nacional de Redes.

Nos lugares onde non estén constituídos órganos comarcais, serán invitados sempre as persoas Coordinadoras Locais a participar, con voz pero sen voto, no órgano.

Membros da Comisión Colexiada Nacional, sempre que non estean no apartado anterior.

A persoa Coordinadora Nacional poderá invitar ás súas reunións a persoas ou representantes de colectivos, sempre que se considere oportuno.

SECCIÓN III. A COMISIÓN COLEXIADA NACIONAL DE EU

Art. 85. Composición da Comisión Colexiada Nacional

A Comisión Colexiada Nacional de EU estará composta polos membros que determine na súa proposta a persoa Coordinadora de EU que será a que a presida. Será elixida polo Consello Político Nacional seguindo dita proposta, respectando a paridade como acordo de mínimos, podendo compoñer a mesma unha proporción maior de representación de mulleres como acción positiva en favor dunha maior participación política e procurando a integración das distintas sensibilidades políticas.

Son funcións da Comisión Colexiada Nacional como órgano de xestión cotiá, a posta en práctica das decisións adoptadas no Consello Político Nacional. Así mesmo, preparará e elaborará as propostas de traballo e de debates políticos a trasladar aos órganos superiores de dirección.

A Comisión Colexiada Nacional de EU dotarase dun regulamento interno de funcionamento, reuníndose polo menos una vez ao mes, levantando acta das súas sesións, na que constarán os asistentes e acordos tomados.

As persoas Coordinadoras das redes de activista ou das colexiadas de base poderán ser invitadas a súas reunións cando na orde do día figuren cuestións da súa competencia.

SECCIÓN IV. A COORDINACIÓN NACIONAL

Art. 86. Elección

Unha vez elixidos pola Asemblea Nacional de EU os membros do Consello Político Nacional que deben ser electos na mesma, procederán á elección da persoa Coordinadora Nacional de EU que será presentado/a ao plenario da Asemblea para a súa clausura.

Unha vez constituído na súa totalidade o Consello Político Nacional de EU deberá, na primeira reunión que celebre trala Asemblea, proceder a súa ratificación.

Art. 87. Competencias

Son funcións da persoa Coordinadora como responsable máximo de EU:

a.-Representar ó Consello Político Nacional de EU así como ao conxunto da organización ante calquera institución pública ou privada.

b.-Coordinar ó Consello Político Nacional de EU así como presidir a súa reunión desta e da Comisión Colexiada Nacional.

c.-Propoñer ó Consello Político Nacional de EU os membros da Comisión Colexiada Nacional.

d.-Convocar aos membros da Comisión Colexiada Nacional de cara á coordinación das tarefas e para a execución dos acordos do Consello Político Nacional e da Coordinadora Federal de IU.

e.-Todas aquelas outras do Consello Político Nacional que lle sexan expresamente delgadas.

f.-A persoa Coordinadora Nacional dará conta da súa xestión ó Consello Político Nacional.

CAPÍTULO V. DOS ÓRGANOS DE CONTROL DEMOCRÁTICO.

SECCIÓN I. DA COMISIÓN DE ARBITRAXE E GARANTÍAS DEMOCRÁTICAS

Art. 88. A Comisión de Arbitraxe e Garantías Democráticas

A Comisión de control e garantías é o órgano que vela polos dereitos das persoas afiliadas, que lles dá seguridade fronte a posibles actuacións arbitrarias dos órganos de dirección e os ampare fronte a prácticas discriminatorias.

Constituirase como órgano conciliador en caso de conflitos políticos-organizativos ao obxecto de resolver os recursos que sexan impostos fronte a decisión sancionadoras dos órganos competentes.

Á súa vez poderá actuar nos conflitos xurdidos por condutas que supoñan violación das obrigas individuais ou colectivas

A ela poderase recorrer de forma individual ou colectiva, en segunda instancia.

Art. 89. Elección, composición e funcionamento da Comisión de arbitraxe e Garantías Democráticas de EU

A Comisión será elixida pola Asemblea Nacional de EU para un mandato igual ao do Consello Político Nacional.

Estará composta por 3 membros que preferiblemente non desenvolvan ningunha outra responsabilidade interna ou institucional. Absteranse de intervir nos asuntos que afecten a súa comarca.

Para que poidan celebrarse validamente a súas sesións deberán convocarse con polo menos tres días de antelación. Constituíranse validamente en primeira convocatoria cun quórum da metade máis un. En segunda convocatoria, quince minutos despois, cos membros asistentes, calquera que sexa o número destes.

Informarán ó Consello Político Nacional cando sexan requiridos.

O Regulamento interno da Comisión de Control e Garantías de EU será revisado polo Consello Político Nacional na súa primeira reunión despois dunha Asemblea ordinaria de EU. A tal efecto, a Comisión de Arbitraxe e Garantías Democráticas de EU elevará a pertinente proposta ó Consello Político Nacional.

As decisións da Comisión de Arbitraje e de Garantías Democráticas de EU poderán ser recorridas ante a Comisión de Arbitraje e Garantías Democráticas Federal.

Art. 90. Presidencia, suplentes e baixa

A persoa Presidenta da Comisión Nacional de Arbitraje e Garantías será elixido por maioría dos membros que a compoñen.

Ningunha persoa da Comisión poderá ser revocada polos órganos de EU de dirección política.

Perderase a condición de membro por falecemento, dimisión, perda de condición de persoa adscrita con plenos dereitos, por falta de asistencia inustificada a máis de tres reunión consecutivas. Nestes casos que a persoa perdera a condición de membro da Comisión será substituída polos suplentes que se votasen no momento do seu nomeamento.

Art. 91. Competencias

A Comisión Nacional de Arbitraje e Garantías Democráticas coñecerá en primeira instancia para a defensa dos dereitos fundamentais das persoas afiliadas.

Art. 92. Tramitación de expedientes

Parar coñecer de cada asunto formulado, nomearase un instrutor por sorteo, segundo a organización interna da que se dote a Comisión. a Comisión de Arbitraje e Garantías Democráticas, a persoa instrutora necesariamente terá que ser dunha Asemblea de Base distinta daquela da que procede o asunto. Os membros dunha asemblea absteranse de instruír, participar en deliberacións e votar asuntos procedentes da súa asemblea.

A persoa designada solicitará, ao órgano que o desenvolvese, o expediente completo orixe do recurso. Dito órgano deberá remitilo no prazo máximo de 15 días hábiles.

Unha vez recibido o expediente, a persoa instrutora realizará, no prazo de 15 días naturais, un informe no que se estableza si é competente ou non a Comisión para coñecer do recurso.

Se entendera que non é competente comunicaranlo ao recorrente, o cal terá un prazo de 15 días para alegar o que considera conveniente. Vistas esas alegacións, o Pleno da Comisión nun prazo de 10 días decidirá sobre a súa competencia. Si se desestiman as alegacións, o procedemento remitirase de carácter inmediato ao órgano competente.

Presentado o informe e admitida a competencia, a persoa instrutora realizará as actuacións oportunas para a comprobación dos feitos previa audiencia ás partes implicadas quen tamén poderán propoñer a práctica de actuacións de comprobación. Con carácter previo á audiencia, as partes poderán coñecer o contido íntegro do expediente remitido.

Desde que as partes sexan requiridas, disporán dun prazo de 15 días naturais para efectuar as súas alegacións.

A persoa instrutora entregará aos membros da Comisión, no prazo máximo de dous meses desde que se decidiu a súa competencia, unha proposta de resolución na que se recollerán os feitos, as probas practicadas e a estimación ou desestimación do recurso.

A Comisión deberá ser convocada polo seu Presidente/a para que se celebre unha reunión no prazo máximo dun mes desde a recepción da proposta de resolución. En dita reunión, previo o debate

oportuno, decidirá por maioría simple, no sentido da estimación ou desestimación do recurso. Na votación non participará a persoa instrutora do expediente nin os membros que pertencen á Asemblea.

As resolucións deberán ser sempre motivadas.

Unha vez decidida a resolución, notificarase con carácter inmediato ás partes.

No caso de que se trate dun recurso en primeira instancia absterase de participar na votación e instrución os membros da comarca de onde proceda o recurso.

As resolucións da Comisión Nacional de Arbitraje e Garantías Democráticas so son recorribles ante a Comisión Federal, as persoas interesadas terán un prazo de 15 días naturais desde a notificación para interpoñer recurso ante a Comisión Federal de Arbitraje e Garantías Democráticas, artigo 70 dos Estatutos de IU, no caso contrario a resolución da Comisión será inmediatamente executables polo órgano político competente para aplicarlas. O CPN velará para que sexan executadas, adoptando as medidas necesarias para iso, dentro do marco das súas competencias.

SECCIÓN II. DA COMISIÓN NACIONAL DE CONTROL FINANCEIRO.

Art. 93. A Comisión Nacional de Control Financeiro

A Asemblea Nacional de EU elixirá unha Comisión de Control Financeiro de 3 membros.

Será incompatible a pertenza a esta Comisión de quen forme parte do Consello Político Nacional, sexan cargos públicos ou persoal de confianza ou dependan laboralmente da organización en cada nivel correspondente.

Esta Comisión terá a función de fiscalizar anualmente os ingresos e gastos da Organización Nacional así como a execución dos seus orzamentos e emitirá anualmente un ditame que se discutirá co orzamento do exercicio seguinte no Consello Político Nacional. Así mesmo, emitirá un informe que será presentado na Asemblea nacional de EU.

Para que poda celebrar validamente a súas sesións deberá contar co quórum durante toda a reunión de polo menos a metade máis un dos seus membros.

CAPÍTULO VI. OUTROS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN

Art. 94. As convencións

As convencións son instrumentos artelladores do traballo colectivo das agrupacións, no proceso de elaboración e discusión de materiais programáticos e organizativos, tanto de ámbito nacional como provincial.

SECCIÓN I AS CONVENCIONS ELECTORAIS

Art. 95. As convencións electorais

As convencións electorais, son instrumentos de análise e elaboración programática e electoral de Esquerda Unida, para o ámbito nacional e provincial.

Corresponde ó Consello Político Nacional, de considerarse, a convocatoria de convencións provinciais e/ou nacional no marco dos traballos preparatorias dos procesos electorais.

Art. 96. Composición

O Consello Político Nacional determinará nas normas de convocatoria o carácter plenario ou por delegación das convencións electorais.

No caso de optarse por convencións de delegadas/os a súa composición respectará o seguintes criterios:

- Serán membros natos a Comisión Colexiada Nacional e as e os Coordinadores Locais e Comarcais para as convencións nacionais e provinciais, respectivamente.

- A cota de representación asignada aos partidos e organizacións integrantes de EU, así como as redes de activistas constituídas a nivel nacional ou local e comarcal, segundo corresponda.

- O resto de delegadas/os asignados ás asembleas locais e comarcais proporcionalmente á afiliación respectando, en todo caso os criterios de pluralidade, representatividade e equilibrio entre sexos.

Poderá participar como convidadas/os representantes do tecido veciñal, social e sindical do ámbito territorial da convención.

Art. 97. Funcións

As normas determinarán, de entre as seguintes, as funcións da convención electoral:

a) Aprobar, tras discusión e debate, o programa da convocatoria electoral que corresponda.

b) Articular e propoñer, no seu caso, a candidatura de consenso para a provincia.

c) Ratificar as candidaturas resultado dun proceso de primarias previo a súa aprobación definitiva do CPN.

d) Aprobar, tras discusión e debate, resto de plans de acción electoral e campaña que eventualmente se consideren.

SECCIÓN II AS CONFERENCIAS NACIONAIS

Art. 98. A Conferencia Nacional

O Consello Político Nacional poderá convocar Conferencias Políticas para discusión monográfica de tema/s de especial relevancia no ámbito de actuación de EU.

Art. 99. Composición

A distribución de delegadas/os á Conferencia Nacional seguirá os seguintes

- a) As e os membros da Comisión Colexiada Nacional de Esquerda Unida.
- b) Unha representación dos partidos e organizacións integrantes de Esquerda Unida nunca superior ao 10%
- c) O resto das e dos delegadas nun porcentaxe nunca menor do 80% en representación das asembleas e locais e comarcais de Esquerda Unida, elixidas segundo criterios de proporcionalidade, representatividade, paridade e adecuación.

Art. 100. Funcións da Conferencia Nacional

A Conferencia Nacional terá as competencias sobre materias de índole estratéxica, sectorial ou organizativo que o Consello Político Nacional determine.

A Conferencia Nacional non poderá aprobar alteracións sobre os acordos adoptados en Asemblea Nacional.

TÍTULO V. REPRESENTACIÓN POLÍTICA INSTITUCIONAL

Art. 101. Definición

A representación institucional de EU está formada por todas aquelas persoas que son cargos elixidos nas listas desta formación política ou propostos por EU nas coalicións das que forme parte para os diversos niveis da estrutura autonómico, municipal ou deputacións provinciais, así como membros das xuntas veciñais, conselleiros/as de distinta índole e calquera outra que desenvolva un cometido institucional directo ou por representación.

CAPÍTULO I. PROCESOS DE ELECCIÓN, FORMALIZACIÓN DE CANDIDATURAS E REFERENDOS REVOGATORIOS

Art. 102. Natureza e Ámbito

As presentes normas para a elección e formalización de candidaturas de competencia galega desenvolven os Principios Xerais de EU recollidos nos presentes Estatutos, Principios que son de aplicación directa en todos os procesos de elaboración de candidaturas.

Art. 103. Primarias

Como norma xeral todo o proceso de elección de candidaturas a calquera nivel realizarase por primarias abertas a simpatizantes. Desenvolverase mediante o regulamento marco aprobado de IU.

Art. 104. Apertura dos procesos

Os órganos que fixan o calendario e a definición xeral dos criterios de composición dos futuros grupos institucionais son:

a.-Para as eleccións autonómicas e municipais, o Consello Político Nacional, en virtude das súas propias competencias.

b.-Para as eleccións Autonómicas, trala aprobación polo o Consello Político Nacional dos criterios e axustándose a eles, compete a convocatoria de primarias para as circunscricións de Galicia e a ratificación posterior das Convencións electorais, ou no seu defecto polo Consello Político Nacional. Terán que ser ratificadas, sempre que cumpran con todo o marcado polos Estatutos e unicamente poderán denegarse senón fose así.

Os órganos de dirección correspondentes promoverán o proceso, garantindo a máis ampla participación das asembleas de base de Galicia, da súa afiliación e simpatizantes.

Art. 105. Criterios para a elaboración de candidaturas

Todas as candidaturas de EU estarán configuradas de forma paritaria, tendo que estar polo menos todos os postos pares o impares ocupados por mulleres. A composición final dos grupos terá que estar composta polo menos, por un 40% de mulleres, para iso as dirección de EU nos seus distintos niveis procurarán que a metade das circunscricións electorais estean encabezadas por mulleres. A

estimación para a paridade nas cabeceiras das candidaturas, que darán lugar a grupos institucionais, farase en base á composición vixente como resultado das anteriores eleccións.

A presentación de candidaturas mediante procesos de primarias corresponderá á afiliación de Galicia, é dicir á provincia no caso de eleccións de ámbito estatal e autonómico, e da afiliación de cada municipio no caso de eleccións municipais. Só en caso de non existiren asembleas en funcionamento ordinario no ámbito de elección o CPN arbitrará mecanismos para presentar candidaturas.

1) Candidaturas de consenso.

a.-Todas as persoas e órganos que participen nos procesos terán a obriga de intentar alcanzar o consenso para a súa aprobación.

b.- A candidatura definitiva deberá ser paritaria e cremalleira e tenderá a incluír, como mínimo, a un 20% de persoas mozas menores de 31 anos. Esta porcentaxe deberase cumprir en tramos de cinco.

c.- Neste caso a candidatura someterase a ratificación da afiliación e simpatizantes.

2) Candidaturas sen consenso:

a.-No suposto de que non se conseguira unha candidatura de consenso, poderá presentar candidatura que nes reúnan uns avais mínimos do 2% das persoas afiliadas activos correntes correspondente a circunscrición electoral. As candidaturas presentadas deberán respectar os criterios establecidos no apartado anterior de idade e xénero.

b.- As candidaturas presentadas non deben ser necesariamente completas.

c.- Para as candidaturas a proceso electoral autonómico e municipal de EU, a aplicación do principio de proporcionalidade significa que deberá elixirse a cabeceira da lista co resto da candidatura.

d.- O regulamento de primarias de cada proceso indicará o método de asignación de postos que, en calquera caso debe respectar os principios xerais de EU.

e.- A votación efectuarase entre o conxunto da afiliación e simpatizantes que o solicitaran ao que corresponda a candidatura.

3) Candidatura á Presidencia de Galicia

a.-O Consello Político Nacional articulará o proceso de primarias abertas a simpatizantes para elixir á persoa candidata para a presidencia de Galicia.

b.-As persoas propostas deberán contar co aval do 5% dos membros do Consello Político Nacional ou o 2% dos activos correntes no momento de peche do censo.

c.-No caso de existir una soa persoa candidata á Presidencia de Galicia, a persoa candidata someterase a ratificación da afiliación e simpatizantes.

d.-A persoa candidata á Presidencia de Galicia encabezará a candidatura de EU.

4) Limitacións nos cargos

Os cargos públicos de EU non poderán permanecer no mesmo cargo, de maneira continuada, máis de dúas lexislaturas, ou oito anos no suposto de eleccións anticipadas.

Excepcionalmente poderá prolongarse sempre que obtiveran, en votación individualizada no órgano competente para a súa elección, o 60% dos votos emitidos na primeira prórroga e o 75% nas seguintes prórrogas.

Art. 106. Ratificación de candidaturas

Corresponde ó Consello Político Nacional a ratificación definitiva das candidaturas que cumpran os termos sinalados por estes Estatutos no exercicio da súa función de facer respectar os principios xerais e os presentes Estatutos.

Art. 107. Revogación das candidaturas

Un 40% da afiliación e simpatizantes que participaron no proceso de elección dun cargo público do ámbito de elección dun cargo municipal, provincial, poderán promover un referendo revogatorio ante o incumprimento do recollido nos Estatutos de EU, os federais ou os regulamentos que o desenvolven. O referendo revogatorio non se poderá realizar ata una vez transcorrido un ano do mandato do cargo público. Se a persoa supera o revogatorio non se poderá solicitar outro referendo revogatorio contra a mesma persoa no prazo de dous anos.

Art. 108. Convocatoria de referendo.

O Consello Político Nacional poderá convocar referendos vinculantes entre a afiliación e simpatizantes.

A posibilidade dun acordo de goberno considerarase motivo inescusable para a convocatoria do referendo a calquera nivel de dirección.

A convocatoria de referendo, agás no caso anterior, deberá realizarse por maioría simple do órgano convocante.

Para entender aprobada unha consulta será necesario o voto favorable da maioría das persoas participantes.

CAPÍTULO II. O ESTATUTO DE CARGO PÚBLICO

Art. 109. Natureza e ámbito

Desde a organización de EU establécese una relación directa cos cargos públicos pertencentes ao Grupo Parlamentario de Galicia, cuxa relación e dependencia veñen recollidos nestes Estatutos, de conformidade e sen menoscabar a lexislación vixente en materia electoral e a Constitución española.

Os cargos públicos, como representación de EU nas institucións, teñen como función fundamental a aplicación e desenvolvemento do Programa Electoral. Desde o Goberno ou desde a oposición, o programa constitúese en eixo e guía fundamental do traballo dos cargos públicos de EU que teñen capacidade de actuar no ámbito da súa competencia de maneira creadora, cumprindo sempre as orientacións e disposicións dos órganos de dirección competentes de EU. É de aplicación tanto para o ámbito autonómico como local.

Este Capítulo constitúe un Estatuto do Cargo Público de EU que é de aplicación directa a todo membro de Gobernos, Consellos, Deputadas e Deputados, Senadoras e Senadores, Alcaldesas e Alcaldes, Concelleiras e Concelleiros, Deputadas e Deputados provinciais, representantes nomeados por EU,

os seus grupos institucionais ou representantes institucionais en radio e televisión, patronatos, consorcios, empresas públicas o mixtas e calquera outro que desenvolva un cometido institucional. Todos Os cargos públicos elixidos nas candidaturas de EU ou propostos por EU en coalicións electorais, estarán afectados por este Estatuto do Cargo Público.

Art. 110. O persoal de confianza

O persoal de confianza política que poida derivarse da representación institucional terá, a estes efectos, a mesma consideración que os cargos públicos, independentemente das relacións contractuais ou laborais que teñan coas Administracións Públicas e coa propia EU.

Art. 111. Competencias dos cargos públicos

Son competencias dos cargos públicos:

- a) Representar a EU no ámbito correspondente, segundo a responsabilidade e dedicación que ostente no Grupo Institucional do que forme parte.
- b) No traballo diario, realizar as xestións e presentar as iniciativas oportunas, en cumprimento do programa electoral e das resolucións e acordos que o desenvolven nas Institucións. Realizar propostas políticas aos órganos de dirección sobre liñas xerais do programa electoral, na súa actualización permanente e na súa interpretación e desenvolvemento
- c) Todas as que lles outorgan as Leis de Estado e os Regulamentos das institucións dentro do marco político que para os adscritos de EU establecen estes Estatutos.

Art. 112. Dereitos do cargo público

Son dereitos dos cargos públicos de EU todos aqueles que o son do conxunto da afiliación a EU, segundo o recollido nestes Estatutos, sen excepción ou limitación respecto dalgún deles e, ademais e en concreto pola función do seu cargo institucional, os seguintes:

- a) Respecto á súa función por parte da organización de EU
- b) Recibir tanta información lle sexa precisa para a súa acción institucional, tanto dos órganos políticos de EU como de IU federal.
- c) De información de todas as decisións ou informes que lles afecten ou competan.
- d) De asistencia técnica e apoio para o desenvolvemento da súa actividade.
- e) De defensa xurídica fronte aos problemas derivados do exercicio do cargo. No caso de que o cargo público sexa quen pretenda promover acción legais, o Consello Político que o propuxera será quen deba autorizalas e garantir o sustento económico do procedemento.
- f) De ostentar a representación pública de EU na Institución onde desenvolven as súas funcións.
- g) A percibir o salario e indemnizacións que fixe EU.
- h) A facer propostas políticas e de desenvolvemento programático aos órganos de dirección de EU.
- i) A formación e actualización permanente nos temas para os que ostenten a representación de EU.

- l) A dispor dos fondos e medios necesarios para o desenvolvemento eficaz das súas funcións.

Art. 113. Deberes do Cargo público

Son deberes dos cargos públicos de EU todos aqueles que o son do conxunto da afiliación a EU, segundo o recollido nestes Estatutos, sen excepción ou limitación respecto dalgún deles e, ademais e en concreto pola función do seu cargo institucional, os seguintes:

- a) De manter a lealdade e o compromiso con EU en cuxas listas electorais foi persoa elixida.
- b) De cumprir as tarefas do cargo con dedicación plena, de acordo co reparto de funcións do seu grupo institucional e da organización.
- c) De manter a vinculación e o respecto ao programa electoral de EU, Principios Xerais, Estatutos, Acordos e Resolucións, que se aproben nos órganos competentes de EU.
- d) De informar de forma permanente ás organizacións de EU, aos movementos sociais e á cidadanía.
- e) Presentar anualmente un balance de xestión, para o seu debate nos órganos do ámbito da súa competencia. Dito balance será público.
- f) De poñerse a disposición dos órganos de EU para canta información sobre as súas funcións soliciten e seguir os criterios emanados dos órganos de Dirección.
- g) De formarse e capacitarse de forma permanente para o correcto desenvolvemento do seu cargo.
- h) Declarar as súas fontes de ingresos económicos e patrimoniais ao seren elixidas e elixidos cargos públicos, así como os seus intereses privados, comunicando en cada momento calquera variación que se produza e facendo unha declaración de novo ao final do mandato, autorizando a EU á súa publicación.
- i) De suxeición ao réxime económico relativo a salarios e indemnizacións por gastos derivados do exercicio do cargo público que estableza o órgano competente de EU, previa audiencia dos interesados.
- j) De manter o cargo a disposición do órgano correspondente de EU, mediante o compromiso público de dimisión no cargo no suposto de ruptura con EU.
- k) Informar, polo menos trimestralmente, da súa xestión aos órganos do ámbito da súa competencia.
- l) É obriga de Deputados e Deputadas autonómicas e do Congreso, Senadores, e Senadoras, Eurodeputados e Eurodeputadas ingresar as súas remuneracións por todos conceptos acordados a EU.

As deputadas e deputados ao Congreso e Senadores, deputadas e deputados europeos e con cargos de representación elixidos polos órganos federais farano a EU Federal; as deputadas e deputados autonómicos e cargos elixidos polos órganos de Esquerda Unida farano a Esquerda Unida, tal como marcan estes estatutos e a Carta financeira. O non facelo significará un incumprimento expreso das presentes normas.

- m) Participar e inscribirse na rede de activistas do ámbito da súa competencia, incorporándose de forma activa ao proceso de elaboración e desenvolvemento programático nas redes de elaboración, participación e toma de decisións colectivas.
- n) Coordinar os seus traballos coas redes de activistas mediante o intercambio áxil de información coas mesmas sobre a actividade parlamentaria, tanto propia como allea.
- ñ) Absterse de participar publicamente como cargo público e mentres dure o seu mandato en calquera celebración ou procesión relixiosa.
- o) A actuación e voto dos cargos públicos de EU dentro das institucións quedará vinculada polos acordos aprobados pola dirección política ou polo grupo institucional correspondente segundo as súas competencias.
- p) Promover a participación cidadá na elaboración e execución das políticas que se desenvolven nas institucións, especialmente na súa área de traballo.
- q) Axudar á formación das persoas afiliadas, transmitindo a súa experiencia, coñecementos e habilidades.
- r) Separar radicalmente os intereses patrimoniais persoais da actuación pública.
- s) Non utilizar información recibida ou coñecida como consecuencia do exercicio do cargo público para favorecer intereses privados propios ou alleos.
- t) Contribuír economicamente a EU segundo a carta financeira.
- u) Renunciar publicamente ao inicio do seu mandato a calquera tipo de privilexio derivado do cargo, innecesario para o traballo político, que lles outorguen polo feito de ostentar un cargo institucional.

Art. 114. Equilibrio de xénero

Para a representación institucional de EU en órganos de segunda elección ou de representación parlamentaria (Consello de Administración de RTVG, Valedor do pobo, persoal de confianza, etc.), en aplicación do principio de equilibrio entre xéneros, polo menos a metade dos postos a cubrir serán mulleres. Para a adxudicación destes postos terase en conta o seu nivel de importancia procurando un reparto equitativo entre mulleres e homes tamén dende esa perspectiva.

Art. 115. Incompatibilidades

- a) Non poderá simultanearse máis dun cargo institucional a calquera nivel, agás no de deputada/o provincial.
- b) As persoas afiliadas a EU que ocupen cargos públicos e, á súa vez, teñan responsabilidades organizativas ou políticas en EU, a petición dos Órganos correspondentes, farán balance periódico sobre a súa actuación, para determinar o grao de incompatibilidade e resolver en consecuencia. Só nese caso poderanse simultanear dous cargos, un no interno da organización e outro de carácter institucional. Débese, non obstante, tender a non simultanear as dúas funcións.
- c) En aras da maior transparencia e ética no exercicio das funcións do cargo público, non se poderán simultanear con dito exercicio actividades que podan beneficiar a súa actividade privada pola información da que dispón por tal condición.

d) A representación institucional municipal será incompatible coa de Parlamentos Autonómicos, as Cortes e o Parlamento Europeo.

Art. 116. Elección do Cargo Público

En coherencia co formulamento do “proceso de elección e formalización de candidaturas” os cargos públicos e o persoal de confianza serán elixidos sempre polo seu órgano de base, ou no seu defecto polo órgano correspondente, independentemente da lexislación actual decreta outros mecanismos de selección.

Art. 117. Grupos institucionais

Todos os cargos públicos elixidos para una institución nas listas de EU deberán formar parte do Grupo que determine o Consello Político Nacional ou a Colexiada de base no caso de eleccións municipais.

a) Os Grupos institucionais de todos os ámbitos dotaranse dos seus respectivos regulamentos de funcionamento interno, que serán aprobados definitivamente pola respectiva coordinadora con informe previo do Consello Político Nacional e a proposta do grupo institucional.

b) Os órganos de dirección de EU definen os obxectivos xerais aos que deben atermos a actividade dos grupos institucionais.

c) A contía dos ingresos que os/as cargos públicos deben facer a EU, regularase mediante unha carta financeira, na que se contemplará a contía mínima a partir da que unha parte da retribución debe ser transferida á conta da organización. Esta contía será progresiva e por tramos, de maneira que se irá incrementando na medida na que as retribucións sexan superiores. En calquera caso non superarán os establecidos nos Estatutos Federais.

d) Todas as subvencións, asignacións e outros ingresos que perciban os cargos públicos institucionais serán administrados polos órganos de dirección competentes de EU no ámbito local, comarcal ou nacional.

e) Os Grupos Institucionais disporán de fondos para o funcionamento ordinario e para gastos extraordinarios, para os que anualmente elaboraran un orzamento de gastos, e o órgano de dirección correspondente de EU asignará as achegas oportunas que garantan os mesmos.

Contarán coa capacidade de xestión dos mesmos, dando conta periódica ao órgano de dirección competente coa excepción dos gastos relativos a salarios ou contratacións laborais.

f) A admisión de persoas que, non sendo cargo público, realizan un traballo, pleno ou parcial, remunerado de carácter público, técnico ou administrativo, a decide a organización competente, a proposta do Grupo Institucional

g) Os grupos institucionais non poderán seleccionar, elixir ou nomear asistencia ou colaboración, aínda que o custe económico non recaerá en EU, senón que virán obrigados a propoñer o nomeamento ao órgano político correspondente de EU, o cal, en última instancia, decidirá.

h) As persoas que realizan traballos de carácter político, técnico ou administrativo nos grupos institucionais están suxeitas ao mesmo límite temporal no exercicio das súas funcións que afecta aos cargos públicos nas distintas institucións. Ningún contrato poderá ter validez por unha duración superior á lexislatura. O traballo destas persoas deberá responder ao código de lealdade esixible aos cargos públicos, e as mesmas estarán obrigadas ao segredo daquelas deliberacións que o grupo ou a dirección correspondente de EU cualificaran como reservadas.

O incumprimento destas obrigas poderán implicar a sanción que se estableza nos distintos regulamentos.

TÍTULO VI. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

Art. 118. Principios

O financiamento da actividade política, desde o punto de vista de EU debe estar marcada por criterios de suficiencia, austeridade, transparencia e solidariedade.

Art. 119. Recursos de EU

- a) Ordinarios. Subvencións públicas, as achegas regulares dos cargos públicos e institucionais, cotizacións, e todas aquelas que prevea a lexislación vixente, así como os ingresos que podan orixinarse de conformidade coa lexislación vixente sobre financiamento de partidos políticos
- b) Extraordinarios. Donativos, axudas e campañas específicas, de acordo co establecido coa normativa legal vixente.
- c) A participación nos recursos e ingresos das distintas asembleas .

Art. 120. Cotización

EU recibirá cotas e achegas da súa afiliación e simpatizantes. A xestión das cotas realizarase a través da UAR.

A Coordinadora Federal establecerá anualmente a contía mínima e como consecuencia a cantidade a recibir pola dirección federal que servirá de referencia a EU, que sobre estas bases establecerán as súas cotas.

En cumprimento da lexislación vixente, as cotas e achegas da afiliación e simpatizantes, deberán abonarse a través da UAR, con estrita subxección ao establecido sobre o particular na vixente Lei Orgánica de Financiamento de Partidos Políticos.

As restantes achegas privadas que puideran facer a afiliación deberán abonarse nunha conta distinta á referida anteriormente. En todo caso, quedará constancia da data e a identidade da persoa afiliada ou contribuínte.

Quen non estea ao día no pago da cota non terá dereito a voto nas asembleas nin se computarán no censo para os procesos asemblearios. É responsabilidade da dirección de Galicia, que participen o mesmo número de persoas que de cotas recibidas. As certificacións para os procesos de elección realizaranse sempre desde a UAR.

En situacións extraordinarias, o Consello Político Nacional de forma motivada poderá establecer una cota extraordinaria a cargos públicos remunerados e de cargos de confianza designados por EU e as súas asembleas en todos os ámbitos. Nestes casos a asemblea onde milite poderá facerse cargo do pago da súa cota.

Art. 121. Distribución da cota

O 25% da cota será para a estrutura federal. O 75% restante quedará en EU xestionando polo menos o 25% do total das cotas o Consello Político Nacional e polo menos o 25% as dirección das asembleas de base.

Art. 122. Administración e control dos recursos

1- De acordo coa lexislación vixente, co carácter federal de EU e a necesaria eficacia administrativa e contable, os recursos de EU forman unha única unidade administrativa con IU. Para iso, EU participará do plan contable uniforme federal. O réxime documental estará formado polo libro de actas, de inventario e de contabilidade conforme as normas específicas que lles resulte de aplicación. A administración das cotas realizarase a través da UAR, que en coherencia co exposto no apartado 2, funcionará baixo o principio de unicidade, sen prexuízo da descentralización operativa para axilizar o seu funcionamento e para facilitar a relación cos organización do seu ámbito.

2- O Consello Político Nacional administrará, todos os recursos financeiros de EU, de acordo co que establezan nestes Estatutos e os federais e en concordancia coa normativa vixente. EU creará a Comisión Nacional de Organización e Finanzas.

3- Para calquera tipo de decisión patrimonial que realice EU referidas a bens e inmobles, requirirase a autorización previa da Coordinadora Federal de IU.

4- EU funcionará economicamente mediante orzamento anual, que deberá ser remitido á Coordinadora Federal ao igual que a execución dos mesmos. Unha vez aprobados deberán remitirse a dirección federal. Trala elaboración dos orzamentos de EU a Comisión Federal de Organización e Finanzas realizará a consolidación do orzamento de EU.

O deseño financeiro das campañas electorais será responsabilidade da dirección federal, dada a súa transcendencia e importancia económica, así como a necesidade de coordinar o conxunto dos recursos e a posterior xestión e xustificación dos mesmos. A Coordinadora Federal poderá acordar as medidas correctoras que estime necesarias, cando a desviación orzamentaria de EU sexa superior o 25% do orzamento, para o cal EU se compromete a remitir aos órganos federais información mensual detallada da execución orzamentaria.

Cando o orzamento anual de EU prevea un endebedamento superior ao 25%, este orzamento terá que ser aprobado pola Coordinadora Federal.

Art. 123. Xestión dos recursos

A distribución dos recursos ordinarios é competencia do Consello Político Nacional seguindo os seguintes criterios:

a) Dotarase dos recursos que se acorden, para o seu funcionamento, aos distintos compoñentes de EU, partidos e colectivos, de acordo con criterios obxectivos.

b) Procurarse dotar de recursos a todas aquelas agrupacións ~~núcleos ou colectivos~~ con militancia e un precedente de traballo que non dispoña destes, permitindo que podan subsistir e lograr mellores resultados

Art. 124. Persoal contratado por EU

As persoas contratadas por EU seralles de aplicación o establecido no artigo 116.h destes Estatutos e o establecido na Lei Orgánica de Financiamento de Partidos Políticos. O Consello Político Nacional regulará os procesos de selección e contratación.

Art. 125. Xestión económica das campañas electorais

O deseño das campañas electorais con carácter galego será responsabilidade da dirección de EU.

Co fin de aumentar a eficacia financeira EU delega nun único Administrador Xeral que representa a EU nos procesos electorais de ámbito estatal garantindo a unidade nas subvencións e achegas que puideran derivarse da lexislación electoral vixente.

A xestión do gasto electoral farase en parte de forma descentralizadora xestionada por EU.

Na xestión económica de campaña garantirase a necesario homoxeneidade e a centralización daquelas tarefas que aconselle a rendibilidade a eficacia.

O orzamento das campañas electorais e a súa distribución deberá ser aprobada polo Consello Político Nacional a proposta da Comisión Nacional de Organización e Finanzas de EU.

As relacións financeiras e patrimoniais da dirección nacional e calquera organización de ámbito inferior pertencente a EU deberá ser coñecido pola dirección de EU.

Art. 126. A Comisión Nacional de Organización e Finanzas

a.-Estará integrada pola persoas que ostentan as responsabilidades de Organización e Finanzas en EU e a persoa secretaria de organización de cada partido membro de EU

b.-Esta será competente para realizar anualmente un informe de consolidación de balances da xestión nacional, debendo trasladar ó Consello Político Nacional as propostas oportunas para o control financeiro e económico e para corrixir as desviacións ou incumprimentos que puideran producirse e para mellorar a xestión desde a transparencia, a austeridade e a solidariedade.

c.-Terá competencia de proposta previa para os orzamentos nacionais, naquelas cuestións de carácter extraordinario pola súa contía ou repercusión política, así como do seguimento dos mesmos e dos procesos electorais.

TÍTULO VII. A COMUNICACIÓN

CAPÍTULO I. A PROYECCIÓN PÚBLICA DE ESQUERDA UNIDA

Art. 127. Comunicación e Imaxe

EU desenvolverá unha política de publicacións propias, baixo a responsabilidade e Dirección do Consello Político Nacional ou das Coordinadoras de base e de cuxa execución encargaranse as secretarías de Comunicación.

A comunicación e imaxe de EU terá unha uniformidade en todos os niveis, seguindo as directrices do Consello Político Nacional.

Art. 128. Adecuación ás novas formas de expresión e comunicación libre

Esquerda Unida disporá dunha páxina web, contas de correo electrónico e outras formas de comunicación electrónica para facilitar a comunicación co máis amplo número de persoas posibles axilizar a información tanto á afiliación como ao resto da sociedade, facilitar a libre difusión das ideas e opinión, facilitar os procesos participativos tanto da afiliación como das persoas que queiran achegar ideas, opinións ou propostas.

Nas páxinas web de Esquerda Unida publicaranse nun prazo máximo de 30 días os acordos dos órganos de dirección tal como determine a Colexiada correspondente.

Todo o que, en virtude do principio de transparencia de EU sexa obrigatorio publicar, tamén publicarse na páxina web, tal como determine a Coordinadora correspondente.

CAPÍTULO II. A COMUNICACIÓN INTERNA EN ESQUERDA UNIDA

Art. 129. Da comunicación interna

A comunicación interna será realizada preferentemente por medio de correo electrónico.

Cando unha persoa afiliada sinala este medio como preferente, será a única forma de comunicación.

Os membros dos órganos estatutarios e os cargos institucionais deberán ter unha conta de correo electrónica a través da cal se realizarán todas as comunicacións.

TÍTULO VIII. DA REFORMA DOS ESTATUTOS

Art. 130.

O Consello Político Nacional poderá propoñer a reforma destes Estatutos si así o considera oportuno.

Neste caso deberá convocar Asemblea Xeral, quen deberá aprobalos por maioría absoluta.

DISPOSICIÓN FINAL

Estes Estatutos entrarán en vigor coa finalización da Asemblea Nacional de EU que procede á súa aprobación.

